

TRÉGOLA

INSTITUTO SANTA IRENE. MAIO 2008. Nº 18 - ALUMN@S 1 € - PROFES 2€



GARITO.03

Espacio do Lector, S.L.

C.I.F.: B36164820

Avda. Gran Vía, 184

36211 - Vigo (Pontevedra)

Tlf. / Fax: 986 231 892

E-mail: granvia@libreriasnobel.es

Web: www.libreriasnobel.es

Luís Hermida Cambeiro

**AUTO-ESCUELA
DE LUIS**

DARÍO DURÁN, 16
(Florida)

Tel.: 986 239 887

Visitanos sin Compromiso

AUTO-ESCUELA



LUIS KSADO, 15
(Miñoca - Coia)

Tel.: 986 243 865

AUTO-ESCUELA



C/ Teixugueiras, Nº 13
(Navia)


Tel.: 886 116 973

Malia que a revista Trégola é tan especial que en cada publicación celebra un aniversario, este ano chegou á maioría de idade esa revista que viviu o seu primeiro ano co nome de Can de palleiro (nós temos a certeza de que algún día volverá chamarse así).

Nesta edición o artigo estrela das páxinas centrais é unha entrevista a un grande persoeiro da nosa literatura, pero, coma sempre, hai para todos os gustos: opinión, creacións, deportes, cine, pasatempos e moito máis. Ademais das fotos dos que este ano abandonan (ou iso agardan) o instituto.

Así que agardamos que este número dezaeito, que por fin chegou despois de moito traballo extra, enriqueza as vosas almas pecadentas. E xa sabedes, se queredes formar parte da “jet set” do Santa Irene unídevos a nós o vindeiro ano.

Trégola



TRÉGOLA SOMOS

Alexandre Comesaña	4º ESO C
Ana Barreiro	2º Bach. E
Andrea López	2º Bach. E
Beatriz Abalo	2º Bach. E
Beatriz Pérez	2º Bach. E
Borja Aguiar	2º Bach. E
Catarina Pérez	1º Bach. E
David López	2º Bach. E
David Valverde	4º ESO B
Laura Álvarez	2º Bach. E
Mateo Ramos	1º Bach. C
María Vieites	1º Bach. A
Miriam Benítez	1º Bach. E
Pablo López	2º Bach. E
Pablo Rodríguez	2º Bach. E
Rosalía Fernández	1º Bach. A
Sara Collazo	1º Bach. E
Saray Temes	1º Bach. E

COLABORADORAS:

Ana Liste	2º Bach. E
Verónica Riobó	(Ex redactora)

PORTADA:

Pablo Rodríguez	2º Bach. E
-----------------	------------

DISEÑO GRÁFICO:

Andrea López	2º Bach. E
María Vieites	1º Bach. E
Miriam Coello	1º Bach. E

FOTÓGRAF@S:

Bernardino Gándara	
Laura Álvarez García	2º Bach. E


COORDINADOR E ASESOR LINGÜÍSTICO:
Sindo Fernández

Sagasta gaña a quenda a Cánovas

A quenda bipartidista continuará catro anos máis, e non falamos precisamente da Restauración, senón da nosa Instauración Borbónica.

Unha vez máis abrumaron o noso cerebro mediante unha realidade de cromatismo desmesurado e atronadora forza, un exército de luces, cores e sons nos que se apoia o sistema actual. Televisión, prensa, radio, e demais medios mediáticos bombardearon cada día previo ás eleccións do 9 M. O resultado foi o previsible: A cámara está dominada polos dous grandes partidos dinásticos, e o resto de forzas políticas non suman entre elas nin un oitavo do número total de escanos. Algo esperable pola tea de araña que dende as altas esferas apostan sobre nós; unha maquillaxe brillante para facer parecer distintas o que en realidade son dúas irmás xemelgas. Tanto o “progreso” duns, coma a “estabilidade” doutros non é máis que parte dun plan teoricamente favorecedor pero que, en realidade, desaparecerá co seguinte cambio de quenda.

Inmobilidade é a palabra que define un sistema controlado polas altas esferas económicas ás que nin-



.....

**Luces, cores e sons
serven como apoio
para o sistema.**

.....

guén ousa tocar mentres o 15% da poboación vive nos límites da pobreza. Un escenario, iso é a política, escenario no que se representa o espectáculo preparado por esas cúpulas económicas que, como guionistas, sempre saen gañando. Sexa quen sexa o que gaña, existe un pacto tácito que evita que algún dos partidos interveña na propiedade privada, a non ser que sexa por un claro interese monetario.

Non hai opción para novas forzas políticas, xa que ata as vellas desaparecen lentamente. IU está pasando polo momento máis crítico dende a súa fundación, ERC e PNV perderon unha enorme cantidade de votos nos seus territorios. Nacionalismo, comunismo, anarquismo, república, son palabras tabú que provocan nun encadeado pobo un enorme medo e que persisten nun profundo descoñecemento. Outros termos coma liberdade, progreso ou democracia convertéronse en verbas baleiras de significado, letras encadeadas sen un leit motiv. Isto vén respaldado por unha lei electoral, a lei d’Ohm, instaurada na época da Transición e que nun aparente sen sentido permanece intocable dende entón. Trátase dunha lei que divide as áreas electorais, reconta os votos e divide os escanos obtidos en cada unha desas zonas. Esta é unha medida coa que



saen claramente beneficiados os partidos maioritarios, converténdose así noutro piar dun sistema cargado de manipulación e engano. Isto

.....

As vellas forzas políticas

desaparecen

lentamente

.....

súmase á sensación propiamente española da necesidade do voto útil, voto en realidade irracional. Este costume tan arraigado en España baséase nesa terrible alienación que come a cabeza ás vítimas dos medios e dos profesionais da política. Cabe facer un chamamento á razón, xa que votar un determinado partido co que non estamos de acordo só pola derrota doutro é unha colaboración máis cun estado que nos atenaza grazas á nosa manipulada participación.

Pablo Rodríguez
Libreiro
2º Bach. E.



David López
Medina
2º Bach. E.



A mellor Revolución: A Bomba

Encapuchados percorrendo as rúas, non é máis que un grupo, pero todos, todos eles, todo o mundo, sabe que son máis. Un grupo de persoas que dentro dos corazóns teñen uns ideais fortes, máis fortes ca un muro, ca unha parede, alta ata o ceo, soterrada ata o inferno. Son persoas que polo que queren, polo que consideran correcto correrían diante dun exército, e que, como primeiro paso van, sinxelamente, facer unha pequena trasnada. Teñen dez anos, e son persoas como non existen máis na súa idade.


Pais e nais opresores que os teñen baixo un xugo case de escravitude, sempre mandando, sempre alegando que o que o reloxo di é sagrado, que ás 9 na casa porque os nenos desa idade non deben andar pola rúa máis tarde, pero eles, eles saben o que deben facer. Cando un inimigo é demasiado poderoso, sempre hai un medio de danalo, un medio polo cal non haberá represalias, non se todo é efectivo, non se todo funciona como debe.

Xa son as nove, si, pero a súa infantil trasnada está realizada, os

relojos de todos os rapaces están cambiados, cando non poidas cos maiores, cambia os seus símbolos e vólveos contra eles.

Xa son as dúas da madrugada, o edificio no que a policía da cidade se esconde de noite está diante dos mozos, cargados de enerxía, de vitalidade, e de ideais, eles non cren nas leis, nas leis que oprimen os seus dereitos, eles cren nunha liberdade que vaia máis aló do que un home con placa pode dicir, unha liberdade que chegue máis lonxe que unha sociedade na que unha persoa, por vestir de uniforme, está nun escalafón superior aos demais.

Aaron, Xoán, qué máis dará os nomes dos demais, o certo é que son importantes, o certo é que os seus actos serán lembrados longa-



mente, tan longamente como longos son os cigarros puros que fuman en homenaxe a algúns dos seus ídolos, brasas que alumean a imaxe que, de noite, permanece semioculta xunto ao refuxio de "madeiros".

Xa teñen ben preparada a carga de explosivos, séntense coma nenos, coma eses nenos que de pequenos cambiaran as horas dos seus relojos como primeiro paso cara a liberdade, nerviosos, emocio-



***Cando non poidas
cos opresores,
destrúe os seus símbolos,
e, se podes,
coloca os teus
no seu lugar.***



nados, conscientes da importancia subliminal do que están a facer, é moito máis ca un edificio, é un símbolo, se non podes co poder dos opresores, destrúe os seus símbolos, e, se podes, coloca os teus no seu lugar. Víctimas é unha palabra que non existe, un edificio baleiro de vidas, pero cheo de significado, quen sabe, tal vez noutra ocasión...

Xa son as tres, e a comisaria deixou de existir..

David López
Medina
2º Bach. E.




***Cando non poidas
cos maiores,
cambia os seus símbolos
e vólveos teus.***



Os límites da arte

Agora que o público e o mercado en xeral empezara a dixerir as experiencias vanguardistas, as performances, o conceptualismo e outras correntes e fórmulas que foron declaradas como mortes da Arte, certos artistas contemporáneos, nun intento de romper a barreira entre realidade e representación, incluíran nas súas obras elementos cotiáns ou de refugallo sen seguir normas estéticas e rompendo por completo con canons da actividade artística anterior. Pero a cousa non rematou aí, e levando a provocación aos límites do ético novos creadores renegan da representación de figuras ou o emprego de obxectos carentes de vida nas súas obras que pasan a seren substituídos por animais e mesmo seres humanos, vivos ou



mortos (de xeito que parece ser que o importante e que o artista decida sobre a vida ou a morte dos mesmos sen o seu posible consentimento). Polo visto na actualidade impera unha nova corrente artística morbosa, que alegando un certo sentido simbólico e artístico, chega a deixar morrer seres vivos nunha sala dun museo no nome da Arte, ou a expo-los xa mortos, manipulando os cadáveres a placer.

Un dos “artistas” que máis popularidade ten acadado neste último ámbito, é o británico Damien Hirst, quen foi galardoado co prestixioso premio Turner grazas á súa brillante obra Nai e fillo divididos: unha vaca e un tenreiro diseccionados pola metade, en caixas acristaladas cheas de formol. Polo xeral, toda a obra deste personaxe baséase nesa macabra técnica de encerrar animais mortos en urnas cheas de formol. Pero se falamos de animais, hai outro “xenio” que leva isto xa ao extremo. Para o costarricense Gui-

illermo Habacuc, que nun acto totalmente cruel e desprezable, capturou un can da rúa e atouno nunha sala de exposición ata que morreu de inanición no mesmo recinto. Hai que engadirlle que levando a crueldade ao límite, na mesma sala nunha parede que quedaba á vista pero non ao alcance do animal, colocou a conciencia galletiñas de can pegadas ao muro. Sen embargo e ante o que puidera parecer lóxico, a exposición recibiu multitude de visitantes e mesmo críticas cargadas de verborrea loubándoo, e houbo que esperar á morte do canciño para que alguén espertara e reivindicase a atrocidade do feito. O maltrato en xeral aos animais hoxe en día parece ser algo moi aceptado como forma artística, e por exemplo, por nomear a outro dexenerado do gremio, o español Jordi Benito expuxo no Reina Sofía de Madrid, un vídeo no que se mostraba como alguén torturaba a golpe de martelo a unha vaca ata matala.

.....

“Polo visto

na actualidade

impera unha nova

corrente artística morbosa

pola cal se chega

a deixar morrer seres vivos

nunha sala dun museo

no nome da Arte”

.....

Pasemos agora ás obras de arte con elementos humanos. O artista Xiao Yu, ideou unha obra que consistía nunha cabeza dun feto pegada a un corpo de gaivota e conservada en formol. Ante algunhas queixas que recibiu o feito, a obra foi ocultada impedindo que fose mostrada ao público. Acto seguido compañeiros do seu creador, manifestáronse alegando que tal reacción era unha ofensa contra a liberdade de expresión. Outro caso curioso que pode recordar a este en mal gusto, é a acción de hai uns anos de Zhu Yu quen expuxo un vídeo no que un home se daba un festín cun feto.

Xa para rematar, non debemos esquecer ao anatomista Günther Von Hagens quen ideou unha increíble técnica, mediante a cal expuxo hai un tempo 200 cadáveres humanos “esculpidos” en poses cotiás, cuxos líquidos orgánicos foron



substituídos por resina epoxi. A perturbadora exhibición, contaba con obras tan polémicas coma o cadáver dunha muller embarazada na cal podemos contemplar grazas a unha incisión, o feto tamén morto que alberga no seu ventre.

Polo tanto, ¿non serían da mesma calidade todas as obras nomeadas, se en vez de estar feitas con cadáveres (xa elido o caso de introducir un ser vivo ata morrer) estivesen feitas con réplicas tan veraces como fose necesario? ¿Se o que importa realmente na Arte



actual é a idea do artista e non a obra de arte en si, por que esa necesidade dun elemento vivo nela? ¿Todo está permitido se é en nome da Arte?

Concluindo, o que pretendo con este artigo non é só expor un mostrario de excentricidades macabras que din ser Arte, senón demostrar que hoxe en día a sociedade, vítima dunha posmodernidade mal entendida, é quen de aceptar tales cousas como as relatadas e mesmo tratar de darlles un sentido artístico para non ser tachados de antigos ou ignorantes. Unha vez que un artista hoxe ten acadado certa sona, a súa sinatura é unha marca segundo a cal todo o que a leve pasa a ser arte automaticamente, e calquera atrocidade que cometa o autor seralle perdoada por ser quen é. Disto era consciente o italiano Piero Manzoni, que



“calquera atrocidade

que cometa o artista

seralle perdoada

por ser quen é”



criticándoo precisamente, chegou a declarar como obras de arte baixo a súa sinatura, persoas e mesmo as súas defecacións enlatadas.

Podemos concluír entón citando ao historiador de arte E.Gombrich cando afirmou e non sen razón que



a épocas de maior tolerancia, séguelle un descenso na calidade da Arte. Posiblemente a tolerancia actual sexa total; e esta situación podería aplicarse a calquera manifestación artística aínda que aquí só nos refiramos ás plásticas, o que dá unha idea da mediocridade que hoxe impera en todas as ordes da vida como reflexo dunha sociedade na súa maioría inculta e decadente.

Pablo López Rivas
2ºBach.E



EN PAPAMÓBIL CARA ONDE?

“Sinto que Deus desexa que sexa presidente. Non podo explicalo, pero sinto que o meu país vai necesitarme. Algo vai ocorrer... sei que non será doado para min nin para a miña familia, pero Deus quere que o faga”

¿De quen dirías que son estas palabras? Son dun home exemplo de sabedoría, respecto a todas as relixións e razas do mundo, un home que pon sempre a outra meixela. Acertaches, é George Bush o presidente de EEUU. Estas palabras son unha mínima manifestación de que as relixións serven para xustificar o comportamento violento e cruel do ser humano, guiado por motivacións económicas ou polo odio. Así, en Xuño do ano 2003 afirmou, segundo o testemuño de Nabil Shaat, ministro de Relacións Exteriores da Autoridade Nacional Palestina: “Deus encargoume unha misión. Deus díxome: George, vai e loita contra eses terroristas de Afganistán.” Todo un exemplo de cristiandade, ¿eh?

Nestes últimos días, e coincidindo coa visita do Papa Benedicto XVI a EEUU, un “novo” escándalo batuxa ao Vaticano: estanse a coñecer casos de abusos sexuais a menores por parte de sacerdotes estadounidenses. Este escándalo de pederastía custoulle ás dioceses máis de 2.000 millóns de dólares en indemnizacións, aínda que non penso que os cartos poidan servir de algo a eses nenos e tampouco que supoña un gran gasto para a igrexa, xa que, a pesar de que o Vaticano propuxo recentemente uns novos mandamentos entre os que figura “non acumularás excesiva riqueza”, penso que é unha das institucións con máis cartos do mundo ou

.....
“ O Vaticano

é un negocio”
.....

senón, ¿Como é que teñen o Vaticano tan protexido e os segredos tan ben gardados? Eles viven na opulencia e logo propoñen novos mandamentos coma ese. Son o expoñente máximo da hipocrisía. Voltando ao tema anterior o Papa dixo nunha reunión ante 45.000 fieis en EEUU que “os católicos deben promover a recuperación e reconciliación para axudar aos que foron prexudicados” e que “deben estimar aos seus sacerdotes e reafirmar o excelente traballo que realizan.” Aínda que non dixo nada das malas xestións da Igrexa ante estes casos que decidía que con trasladar os sacerdotes a outras parroquias o problema estaría solucionado e que non era unha cousa tan grave como para entregar a estes pederastas á policía. E, por suposto, ninguén lle pediu explicacións de ningún tipo: a Igrexa non debe ser cuestionada baixo ningún concepto, xa que está baseada nun principio de fe cega e no profundo desprezo á capacidade do ser humano de razoar. As familias deses nenos vítimas dunha perversión sen xustificación de ningún tipo deberían queixarse ás autoridades nada máis coñecer o caso, sen falar coa Igrexa, se soamente se van dedicar a encubrir o tema para que non se malogre a imaxe de tan divina institución.

Poño o exemplo da Igrexa dos Estados Unidos de América (dun recuncho do Norte, que pensan que

toda América é súa), pero non quero dicir que estes casos soamente se dean alí, senón que falo deles porque están máis de actualidade. Tampouco quero dicir, de ningunha maneira, que todos os curas fagan esas cousas. Soamente expoño unha realidade coa que non estou de acordo.

Pero agora vou cruzar o charco e volver ao noso país e á nosa Igrexa Católica que apoiou un crime tan grande como pode ser unha ditadura, neste caso a ditadura franquista. ¿Por que? A resposta máis evidente é que foi por poder, o que amosa unha falta de moralidade increíble e unha falta grave ao que promulgan. E dende aquel entón e, a pesar da democracia, seguen querendo o poder, e querendo que toda España sexa católica. Queren impoñer o ensino da materia de relixión obrigatoriamente e que esta conte no expediente académico. Non conciben a perda do poder e, en contra de cómo debería ser o seu comportamento, é unha institución que se mete en política continuamente. Desta forma nas pasadas eleccións apoiaron coma quen non quere a cousa a candidatura de Rajoy á presidencia española. Botouse ás rúas apoiando manifestacións. Acusou ao goberno de Zapatero de malograr unha institución tan sagrada como é o matrimonio debido a lei a favor do matrimonio entre persoas homosexuais como se o Goberno quixera que todos os homes e mulleres casaran con xente do mesmo sexo simplemente por aceptar esa lei. Están equivocados, o que queren e que todo o mundo coa condición sexual que sexa teña o dereito a casar por amor a outra persoa. Eles que tanto falan do amor e

logo desprézano se non adopta a forma que queren. É un problema de intolerancia moi grave e significativo do ideal da Igrexa. Todo o que non estea dentro das súas doutrinas é censurable e censurado. Por sorte cada vez hai máis xente que se está a dar conta disto, pero a Igrexa estrañase pola redución do número de fieis. A Igrexa católica non quere progresar. Impiden cousas que eu considero inconcibible acusar de inmorais, como o uso do preservativo, o medio de prevención sexual máis eficaz, non soamente para evitar embarazos non desexados senón que tamén, e non menos importante, para evitar o contaxio de enfermidades de transmisión sexual. Desta forma censuran que en países pouco desenvolvidos deban usar o preservativo. Prefiren que teñan moitos fillos que morreran sen chegar ao ano ou que a SIDA se propague sen control ningún.

Tamén é unha institución dedicada a impedir o progreso da razón e da ciencia como quedou patente no ano 1633, cando a Inquisición (outro dos organismos xustos da Igrexa) decidiu condenar a Galileo Galilei por afirmar que a Terra xiraba arredor do sol. Isto foi considerado unha blasfemia, e a escusa suficiente para condenar a un home a prisión. 359 anos, 4 meses e 9 días despois desta sentenza o Papa Xoán Paulo II decidiu pedir perdón pola inxusta condena e dixo que a Igrexa



“ Todo o mundo

ten dereito a crer

ou non crer”



aceptaba que a Terra xiraba arredor do sol. A boas horas, digo eu. ¿Pensaron que desa forma a alma de Galileo podería descansar en paz no ceo, falando das súas teorías cos seus país Adán e Eva? Pois non. Eu sigo escoitando as súas célebres palabras EPPURE, SI MUOVE (e sen embargo, móvese).

Volvendo a España non quero esquecer o trato da Igrexa á muller. E falo de España, porque tralo nomeamento de máis mulleres ministras que homes no Goberno de ZP escoitáronse moitas barbaridades por parte de representantes da Igrexa. Deste xeito, o locutor das mañás da Radio Episcopal (COPE para os amigos), J.Losantos, decidiu dedicar palabras de respecto e confianza ás mulleres capaces deste país, en concreto cualificativos dirixidos á nova ministra de igualdade Bibiana Aído como “flamenquita”. Tamén dedicou unhas acertadas palabras á ministra de defensa Carme Chacón por estar embarazada e por dirixir ao exército, o “exército de Carmencita Pepis” segundo o propio Fede. ¿E isto é o que verdadeiramente pensa a Igrexa española? As mulleres non podemos permitir este tipo de comentarios, non despois do que loitamos. Polo

menos eu non penso aturar comentarios deste tipo que soamente pretenden desprestixiar á muller e relegala aos tres K que propuña o goberno nazi: Kinder, Kirche, Kücke (fillos, Igrexa, cociña). Que, dito sexa de paso, non condenaron nin a Igrexa Luterana nin a católica adoptando unha postura de pasividade pasmona e case insultante, como tampouco a Igrexa católica condenou a ditadura fascista de Mussolini en Italia, aínda que esta non foi pasiva, senón que se deixou atraer polo réxime trala ofrenda dunha renda anual (e logo condenan o enriquecemento).

Para concluír quero dicir que non pretendo que a xente crente que lea isto se converta ao ateísmo desta autora, simplemente que non apoiem e financien institucións que permiten inxustizas. Todo o mundo ten dereito a crer ou non crer, pero ninguén ten dereito a facer negocio cunha crenza, a controlar insultantemente a mentalidade das persoas e moito menos romper os mandamentos que eles mesmos propoñen.

Saray Temes Cuevas
1º Bach. E



Fiiiiirmes!!!

É notable o cristo que se armou co nomeamento de Carmen Chacón como ministra de Defensa. Pero o que máis me sorprende non foi o feito en si, senón as repercusións que tivo na prensa e resto de medios que pensan que por ter un papeliño enmarcado na parede xa poden chamarse periodistas, cando deberían estar ocupando un emprego que non requirise abrir a boca.

O exemplo máis fácil e mais irritante que se me ocorre é o de Jiménez los Santos, –Deus saberá por que lle dá tribuna a voces así– que dende as ondas da Cope dedícase a barballar con argumentos increíbles contra a pobre da muller, que nada lle fixo, porque se chego a ser eu...

Por suposto, non vexo problema neste nomeamento se esta señora está preparada, e quizais o seu embarazo dificulte a súa tarefa nos primeiros meses da mesma maneira que o dificultaría a calquera muller traballadora. Todo o asunto non vén ser senón unha proba máis da conciencia de desigualdade que aínda impera en España, agochada no máis profundo do cerebro; todo o mundo comenta que lle parece ben, que non son machistas, pero un medio sorriso delátaos, e permítete-

nos descubrir cales deles son dos que lles gusta levar a batuta nesta vida.

E con todo, a pesar de considerarmos un país progresista e moderno, ás mulleres seguen a negarlles as mesmas condicións de traballo que teñen os homes.

Os soldos, ocupando os mesmos postos, moitas veces son inferiores para nós e nalgúns gremios coma a construción, a minería ou o exército a presenza feminina segue sendo escasa por non dicir case inexistente. Se estás embarazada esquécete do traballo e se non o estás xa se encargarán de poñerche todos os impedimentos posibles; como van aceptar logo que unha muller embarazada dea ordens ao exército español! Se chega a ser presidenta, capaces son de queimala nunha fogueira por bruxa!

Dende logo, parece mentira que o presidente Zapatero non saiba que vive nun país de machistas; e si, iso é o que somos, porque se non sería necesaria a tan citada e discutida lei de Igualdade, que soa moi ben e queda moi bonita no programa electoral, pero na que non acabo de confiar plenamente.

Se os anos de democracia polos que pasamos non puideron poñer a

.....

**Todo o asunto
non vén ser
senón unha proba máis
da conciencia
de desigualdade
que aínda impera
en España.**

.....

muller totalmente no lugar que merece, poderá facelo a imposición por parte do goberno? Haberá igualdade, pero crerase nela? Non se pensará que o posto que ocupemos non é grazas ás nosas aptitudes, senón á lei? O caso da ministra, para non desviarnos do tema, é exemplo do que digo. Zapatero pretendía dar exemplo e facer un pouco de publicidade, que nunca vén mal, e non pode dicirse que o recibiran cos brazos abertos.

Se esta lei non sae adiante, non debemos conformarnos co mísero consolo de que as institucións fixeron un amago de remediar estas inxustas decisións. Aínda que vai ser un proceso complicado, debemos seguir traballando para cambiar as cousas entre todos, e cando digo todos é TODOS, e que ninguén mire para outro lado. Mentres tanto boa sorte para a ministra, que co que se lle vén enriba, vaille facer boa falta!



Andrea López



O menos malo

E aínda hoxe hainos que desprezan a política e non poñen atención á hora de dar o seu voto, ben sexa porque votan por costume a un partido sen preocuparse de nada máis ou porque simplemente fan o que lle din outros.

Ningún de nós pode escapar aos brazos da vida política xa que esta forma parte do noso facer cotián incluso ata cando non nos damos de conta. Todo esquema de valores dunha persoa pasa polo filtro das súas ideas, dos seus principios, das súas buscas e expectativas... e tomar unha opción política ou outra, ata o feito de non tomar ningunha, pode influír na persoa posto que a obxectividade semella ser imposible na practica.

Os que non van votar cando hai eleccións é porque non cren nas súas ideas, non teñen o valor de declararse en favor dunha liña política porque tampouco deben saber moi ben o que queren.

Non é de xente culta iso de facer que estás por riba das cousas, que, en realidade, non che importa o que



pasa no teu país. Mais ben diría eu que iso é de hipócritas.

Por iso, dende novos debemos intentar crear a nosa propia opinión e tratar de atopar con que liña coincidimos máis, xa que hai moitas formas de ver as cousas seguro que atopamos a maneira. E no peor dos casos, se non coincidimos con nada, apoiar ao menos malo sería o máis axeitado.

Pero, á fin e ao cabo, participemos na nosa democracia porque polo de agora é o sistema político menos malo.

Ana González Liste
2º Bach E



Os que non van votar

cando hai eleccións

é porque non cren

nas súas ideas



Telebasura? Non, grazas

Neste mundo de teclados inalámbricos e aspiradores eléctricos hai un aparello que ten bastante importancia. E non, non falo do ordenador, nin da Internet, nin da videoconsola ou da radio; falo da televisión, ese aparello que hai en case todos os fogares e que máis da metade da poboación ve a diario..

Agora deberíamos preguntarnos, ¿é a programación boa para os televidentes? Na televisión podemos ver moitos tipos de programas pero, ¿teñen un mínimo de calidade? A resposta é non.

¿Cales son estes programas? Son moitos, entre os que se atopan algúns como "A tu lado", "La Noria", "El diario de Patricia" e outros similares. ¿Que teñen de malo?, preguntarán algúns. O malo destes programas é o contido, neles dedícanse a falar e destripar a vida dos famosos, ademais de inventar "chismes" sobre eles. E isto non é o peor, xa que neles non falan de forma moi correcta: nestes programas falan dunha forma bastante mala, dando mal exemplo, e o que é máis grave, en horario infantil a maior parte, o que só se respecta pola mañá, de oito a nove, cando botan debuxos para os máis peque-



nos da casa na "2" e a Galega. Semella que ninguén se lembra desta franxa infantil, porque pola tarde só botan contidos educativos e para nenos nas dúas cadeas antes citadas, no resto predominan os do corazón.

Outro punto da programación a destacar é a súa calidade, á marxe do horario infantil, e a conclusión que podemos sacar tras observala é triste, porque xa non existe televisión de calidade. Os programas de maior audiencia son os do corazón que, a pesar de que todo o mundo os critica ninguén os perde, e os de deportes, destacando o fútbol.

Algo a destacar é que as películas e series de calidade só as poñen das dez da noite en adiante, con cortes publicitarios de máis de vinte minutos, mentres que os fragmentos do programa que se está a ver duran menos que os anuncios, algo que

.....
"¿Alguén se lembra do horario infantil?"
.....

hai uns anos era ao revés, cando os cortes publicitarios duraban dez minutos coma moito.

Actualmente estamos sendo bombardeados por unha serie de axentes negativos, que son os citados anteriormente, e que as cadeas de televisión, públicas e privadas, prefiren emitir a buscar algo de calidade entre a enorme variedade que existe actualmente de series e documentais. Cando a xente se comece a dar conta do mal que o están facendo as televisións poida que, só nese intre, a audiencia comece a baixar e as cadeas deberán preguntarse que fixeron mal. Ao mellor nese momento a "caixa tonta" deixará de selo, e pasará a ser un electrodoméstico de maior utilidade que a de ver as rifas entre famosos ou o resto da telebasura.

Alejandro Comesaña
Ferreira
4º ESO. C



.....
"Estamos sendo

bombardeados

pola telebasura"
.....



A recíproca influencia de Oriente e Occidente

Actualmente estase vendo o estilo asiático que chegou coa irrupción social das filosofías orientais en Occidente nos anos sesenta, grazas ao movemento hippy (primeiro en USA e despois en Europa)

Oriente xa tivera unha influencia moi importante en canto a modernización e competencia con Occidente nas décadas pasadas. Dende entón non cabe dúbida de que pouco a pouco fóronse influenciando unha cultura da outra.

O que achegan a tradición espiritual oriental a Occidente é:

- Espiritualización do corpo e corpo-reización do espírito. Sacralización da sexualidade (loga, meditacións corporais diversas, taichi, medicina tradicional chinesa, tantrismo, etc).
- Unha nova intelectualidade baseada na relativización das categorías intelectuais tales como doutrinas budistas, taoístas, hinduistas, Dialéctica da Vacuidade de Nagarjuna, etc.
- Métodos psicossomáticos que permiten a transcendencia da mente conceptual e analítica, ao mesmo tempo que permiten experimentar a natureza espiritual da realidade. (experiencia vs crenza).

Negativamente tamén traen:

- Modelos de relacións humanas medievais (patriarquismo, marxianación da muller, feudalismo espiritual).
- Superstición e crenzas máxicas pre-rationais, elevadas ao rango de verdades transcendentais.
- Pasividade ante a inxustiza social, desinterese polo "imperativo histó-

rico" entendido como compromiso coa realidade histórica.

- Narcisismo espiritual. Pasividade narcisista ante o compromiso social.
- Superficialidade e evasión. Cambiar un envoltorio por outro sen afondar no esencial.

O mundo oriental atópase cada día máis presente no noso universo en moitos dos estilos que se imponen na nosa forma de vida debido á tecnoloxía e á globalización:

- A proliferación dos restaurantes de comida oriental.
- A maioría da tecnoloxía que portan os aparatos que "facilitan" a nosa vida moderna teñen polo menos algunha das súas partes confeccionada en Oriente.
- A maioría dos automóviles que se compran proveñen do continente oriental.
- O auxe que tomou a animación de Xapón coñecida como Manga no noso lado do mundo, con títulos que van dende Pókeon e Dragon Ball ata Naruto.
- A constante introdución de produtos alimenticios baseados nunha dieta oriental, co consecuente cambio de dieta. • Incorporación, no mundo da moda, da tendencia de luxo asiático (elementos orientais, aplicacións de flores, bordados detallados,...)

Desta grande influencia recibida por Oriente nós tamén achegamos da nosa tradición social, cultural e espiritual:

- Racionalidade e aplicación do pensamento racional aos niveis básicos da vida humana: ciencia



exactas (física, socioloxía, economía) aplicacións tecnolóxicas, psicoloxía profunda (dinámica do inconsciente).

- Dereitos Humanos: Dignidade da persoa.
- Compromiso social contra a desigualdade e a inxustiza.

E negativamente:

- Redución da complexidade humana a lóxicas racionalistas.
- Dominación colonial nos ámbitos social, económico, cultural e relixioso.
- Individualismo.
- Imposición dunha ditadura racionalista, economicista e individualista.
- Dominación e uniformización da riqueza cultural, social e espiritual das familias humanas por parte do modelo "occidental".

Oriente e Occidente opóñense en moitas cousas, pero non obstante retroalimentanse e inflúense mutuamente en diversidade de aspectos comúns, isto axudará ao proceso de globalización, aínda que non creo que pague a pena unirmos, as diferenzas son virtudes, ¿non?

Miriam Benítez Coello
1ºE Bach



Galicia bilingüe???

Galicia Bilingüe é un novo organismo claramente en contra do galego, aínda que pretendan encubrilo co de “de-reito a elixir” (por suposto, para elixir todos eles, e tamén no nome dos seus fillos, o castelán). Ultimamente estivo tendo moita resonancia, sobre todo en Vigo, pola actuación de pais e profesores que todos sabemos a qué clase social pertencen, a que sempre asoballou o noso idioma. Suponse que defenden que Galiza sexa bilingüe, pero van en contra da normalización lingüística, que o que pide, (que non se cumpre nin na mínima parte) é repartir igualitariamente o uso do galego e o castelán en Galiza nos ámbitos sociais, que é ao que eu lle chamo bilingüismo, non optar soamente por unha delas, e sobre todo na ensinanza, xa que aí o idioma utilizado depende case na totalidade dos profesores que impartan a clase, e a tendencia maioritaria destes é a de dar a clase en castelán. Nos meus 15 anos de estudante na ensinanza pública nunca puíden dicir que polo menos a metade das

.....

**Van en contra
da normalización lingüística,
que o que pide é repartir
igualitariamente o uso
do galego e o castelán,
o que eu chamo
bilingüismo.**

.....



clases as recibise en galego, iso xunto cos prexuízos que a miña nai tiña coa lingua galega que foron creados nela polos seus profesores na etapa escolar, xa que daquela dicíanlles que falar galego era falar mal e pegábanlles se o facían, isto quedou marcado na súa memoria, como quedaría na doutros moitísimos pais á hora de elixir cómo lles falarían aos seus fillos. A min cóstame falar fluidamente o galego, na escola onde pasaba a maior parte do meu tempo, todos os meus compañeiros falaban castelán, e, agás nas clases de galego, poucos profesores se dirixían a nós en galego.

Do que non se dan conta os de Galicia bilingüe é que a moitos dos seus fillos pódelles pasar coma min, que nun próximo futuro queren entenderse mellor cos galegofalantes do seu redor sen ser todo o competentes que lle gustaría na lingua, e quizais lles custe moito máis correxirse, a mellor idade para aprender ben idiomas é cando somos máis

novos, iso está comprobado, e cantas máis opcións teñamos á hora de aprender, mellor.

Está claro que o plan de estudos actual non axuda moito á hora de poder aprender varios idiomas, porque sería o idóneo poder aprender dende pequeniños a lingua materna, do teu lugar de orixe, e outras útiles para vivir no mundo e comunicarte mellor cos do teu redor, e que unha vez chegada a madurez poidamos decidir as linguas que utilizemos nos distintos ámbitos. É un privilexio poder coñecer ben dende nenos dous idiomas, pola pluriidade lingüística do país, o que non é bo é que se tire a favor dunha delas (a que xa durante moito tempo se tratou de que se impuxera sobre a outra) creando prexuízos contra esta, xa de sobra discriminada.

A lingua propia dun lugar (en Galiza, o galego) é moi importante, por representar mellor que ningunha outra o tipo de vida, a cultura, a

maneira de ser, as tradicións dos seus habitantes, etc. As linguas, se son distintas, é, entre outras cousas, por pertencer a pobos, lugares, ..., totalmente distintos, pero a globalización cada vez axuda máis á desaparición das linguas minoritarias e minorizadas. Claramente Galiza é un lugar ben distinto do resto e sobre todo, de Castela, de onde provén o castelán. Non comparemos a Galiza húmida, verde, con suaves montes e cos seus irónicos galegos, coa seca, amarela e chan Castela, (sen ofender, que para gustos xa hai cores).

Por sorte, o que esta xente di só incide nalgunhas persoas que non

.....
É un privilexio

poder coñecer ben

dende nenos

dous idiomas.
.....

saben o que facer, que seguen o que outros din, que buscan intereses económicos fóra e que polo tanto buscan achegarse á lingua do lugar

máis rico e influínte sexa o castelán, inglés, etc. Pero esta busca de intereses non afecta nunca á xente que coñece ben a dignidade da súa lingua, aínda estando marxinada. Creo que así foi como, grazas a estas persoas, o galego sobreviviu aos innumerables intentos centralizadores de Castela durante tanto tempo. Eu creo que a verdadeira riqueza está na variedade lingüística, e querer esquecerse dun idioma é perder unha importantísima cualidade humana.

Beatriz Pérez Otero
2º Bach. E



O galego

¿Que é o galego? ¿que significa? Para moita xente é algo malo, unha mancha negra, algo inútil é inservible, carente de sentimento, para outros, algo que por historia nos pertence e debemos vivir con el, pero para uns poucos, é moito máis. O galego é un sentimento, unha sensación unha bandeira invisible que por sempre ondea nos nosos corazóns, é algo inexplicable, que se demostra día a día enlazando verbas, frases e oracións na nosa increíble pero desprezada lingua...

As palabras máis fermosas son galegas, que me dicides de dúbida, centolo ou esmorga, xoldra, troula.. etc.? Ides comparar iso con "duda, centollo ou fiesta"...?



Temos un idioma cun fermoso léxico e moitos non o saben aprender. Moitos din que o galego é de paletos, (se aínda hoxe en día hai xente que pensa así, incluso na Galiza).

Dirán que é de borregos, e de montunos vulgarmente falando, pero no caso de que fose así, señores; **seríamos os borregos co idioma máis fermoso** que posúe a Península Ibérica, e algún día.. recoñecerase.

E isto escribo unha persoa educada en castelán, onde o galego non tiña cabida na súa vida ata hai uns anos, isto díño unha persoa que leva seis meses disfrutando das fermosas verbas galegas que día tras día lle arrinca a vida da súa boca.

Porque todo cambio é posíbel se a causa é boa, se a causa é galega.

Beatriz Abalo
Fernández 2º Bach. E



Le Tour de France

[ou Viaxe Fin de Curso 2008, para os amigos]

París, a cidade da luz, do amor e dos rapaces. Neste caso a historia é de rapaces, duns rapaces algo crecidos que para finalizar unha das etapas máis importantes da súa vida. Así foi a viaxe fin de estudos para os alumnos de 4º E S O no presente ano 2008.

Chegamos a primeira hora da mañá ao instituto para coller o avión que nos levara á T4 do aeroporto de Madrid e de aí ao noso destino, o aeroporto París-Orly. Sería nese punto, na chegada do voo Iberia 3418, cando comezaría a nosa epopeia pola Illê-de-France.

O primeiro día sería o das impresións, a impresión que nos causaron as rúas de París (ou mellor dito, as rúas cheas de farmacias de París), o restaurante no que ceiriamos toda a viaxe (ou mellor dito, o restaurante cheo de grupos de viaxes fin de estudos e que non te deixaban sentar onde querías) e o zarrapastroso hotel no que nos soltaron, onde Xesucristo perdeu as mangas do chaleco (non podería estar mellor dito, era o peor sitio ao que nos podían levar, e tamén o que máis lonxe do centro estaba). Tras o barullo inicial do reparto de cuartos e as repetidas advertencias de: non se pode andar de cuarto en cuarto, non fumedes nin bebedes nos cuartos e demais consignas que se repetiron antes e durante a viaxe (e que cumprimos todos ao pe da letra, guiño, guiño), por fin "durmimos" a primeira noite en París.

Os sucesivos días serían unha forte sesión de cultura: Palacio de Versailles (e os seus interminables e maravillosos xardíns), Museo do Louvre (e a magnífica colección de arqueoloxía, escultura e pintura que tiña ao longo dos tres andares, a pesar de que a Gioconda sexa unha das maiores decepcións no ámbito artístico que eu coñeza),



.....
"A Gioconda,

unha das maiores decepcións

no ámbito artístico"
.....

Cidade das Ciencias da Villete (e o seu soporífero planetario, no que o único momento que tivo interesado ao público foi cando soou unha canción de Guns N' Roses), Centro Pompidou (e a súa colección de "arte" contemporánea, obviamente isto vai con retranca), Galeries La Fayette (e a tarde perdida nun centro comercial, grande e luxoso, pero un centro comercial a fin de contas), Museé d'Orsay (e o despiste que sufriu un servidor e o seu compañeiro de cuarto, que nos obrigou percorrer París en metro sen compañía algunha, e chegamos vivos) e a arquicoñecida, á vez que custosa de subir, Tour Eiffel (persoalmente tamén visitei a Estatua da Liberdade, non quería marchar sen ter unha comparativa para cando vaia a NYC). Tamén quero facer unha mención especial á que probablemente foi a visita máis solicitada, ao cemiterio de Père Lachaise, onde se sitúa a tumba dun dos maiores ídolos musicais, Jim Morrison (cantante de The Doors).

Iso, xunto coa comida basura e as largas viaxes en metro e a pé conformaron o groso dos días da viaxe. Pero como non hai día sen noite ... pois iso, a vida nocturna xogou un papel moi importante na vida social dos alumnos. Festa, amor, pelexas, confidencias e profesores e hosteleiros cabreados foron un pilar esencial dunha viaxe que de seguro que recordaremos por moito tempo na nosa memoria. Porque agora xa en Vigo, aí está a viaxe, na memoria de todos e todas, sobre todo cando recordamos os bos momentos que se viviron.

Au revoir!

David Valverde López
4ºESO.B



BELEZA?

Nos últimos tempos o concepto de beleza ditorsionouse. Non comezarei dicindo que a beleza está no interior, por que pode soar a tópico. Certamente o aspecto físico é importante tanto nas relacións persoais como nas laborais. Pero considero que o aspecto físico ideal é o saudable. O físico non debe obsesionarnos ata tal punto que teñamos a necesidade de reconstruílo como se foramos pezas de "Lego" sen límite de fichas que adaptar. ¿Somos persoas ou portadores de silicona e bótox? Dende logo é unha pregunta a que non sabería que contestar tal e como está o panorama na actualidade.

Superar complexos é importante pero non creo que poñer 10 quilos de silicona en cada peito ou estirar a pel da cara ata tela máis tesa que a dunha pandeireta sexa a solución. Temos que confiar en nós mesmos e no noso físico. Debemos aceptarnos e deixar de finxir que somos o prototipo para as revistas e os programas de televisión que venden a beleza tipo "Barbie" ou "Action Man" sen importarlles a cantas xente nova inflúan ou cantas mentes corrompan. Non vos deixedes enganar polas fotos das revistas de "beleza", porque hoxe en día fíxanse máis en como empregar o "Fotochop" que nos contidos. Non gaste mos cartos en produtos e potinxes que esmagan a nosa beleza, a nosa naturalidade. Eu penso que operarse por un capricho é un engano a un mesmo e aos demais, sen contar que as operacións estéticas supoñen un risco para a saúde que hai que ter en conta. Este tipo de operacións deberían facerse con seriedade e pensándoo moito e con tempo. Non é cuestión



"A mellor beleza

é a natural,

sen accesorios"



dun día para outro ou, ¿e que ti levántaste pola mañá decidindo que vas operar a cara? Porque ás veces a consideración non chega máis alá que a iso.

É unha loucura convertida nunha vergoñenta moda. Chegamos a un punto de excentricidade tal que ata hai pais que lles regalan as súas fillas un aumento de peitos polo seu dezaioito aniversario. ¿Onde imos chegar? Non quero camiñar polas rúas e sentir que estou nun continuo pase de modelos. Gustaríame coñecer á xente tal e como é. Gustaríame recibir sorrisos, porque ao final é o único que nos queda, sen importar as engurras de expresión e que o soño da xente non sexa modificar o seu físico senón cultivar a súa mente e engrandecer a alma.

Saray Temes Cuevas
1º Bach. E



O Instituto

Parece mentira pero este é o meu último ano no instituto Sta. Irene, e podo dicir que marcho cunha certa tristeza deste lugar, despois de pasar seis anos da miña vida aquí.

Eu cheguei en setembro de 2001 a este centro, e aínda que ao principio coñecía pouca xente, fixen novos amigos rapidamente. Entón acostumeime á vida no instituto: aos novos profes, aos compañeiros, aos exames, a non festejar o Entroido, a que o material das aulas non funcionase (persianas, portas, radiadores...) . E os cursos pasaron rapidamente... e de cada un deles habería que recordar moitas anécdotas, por exemplo, en terceiro da ESO estragamos (aínda que máis ben debería dicir "estragaron") boa parte do material da aula: unha ventá xogando ao fútbol, os interruptores da luz e un radiador facendo o parvo... En fin, un desastre. Despois tamén sucederon outros "feitos estraños"; por exemplo, no mesmo curso na clase do lado, saían insectos enormes das paredes. Ao ano seguinte, "rompeuse" o pomo da porta da nosa aula, polo que, cando a cerrabamos, soamente se podía abrir por fora (polo que había un serio perigo de quedarmos encerrados), e ese ano tamén se rompeu parte do encerado...

E pasei a Bacharelato... o ano anterior escollera letras, e poderíase dicir que o fixera porque os números non eran o meu, e cheguei a primeiro... Moita xente nova pero aínda estaban os amigos de sempre, e agora estando en segundo, aínda non teño claro o que quero estudar, e xa queda moi pouco para que remate o curso.

Neste apartado gustárame sinalar tamén algúns rasgos peculiares do Sta. Irene, que deben ser bastantes "únicos" se os comparamos con outros institutos. Por exemplo, a existencia de lugares inesquecíveis como a cafetería, que máis ben semella un invernadoiro e cuxos prezos sobrepasan con moito o valor recomendado, ou a biblioteca, lugar no que se fai de todo menos estudar, e no que te podes tirar medio recreo para ir coller un libro.


.....

Axiña me acostumei á vida do instituto:

aos novos profes, aos compañeiros,

a que o material das aulas non funcionase...

.....



Outro capítulo aparte son as instalacións coas que conta o centro: Posuímos soamente tres salas con proxeutor, vídeo e DVD, e dúas delas teñen un tamaño ínfimo, polo que, en xeral, é moi difícil lograr que unha destas aulas estea libre, xa que están moi solicitadas.

O caso das instalacións deportivas tamén é único, xa que debemos de ser un dos poucos institutos sen un patio deportivo propio, e por esa razón temos que usar un dos do IMD, aínda que o problema non é o campo senón o material: a metade das pelotas de baloncesto están pinchadas, algunhas das de voleibol son tan duras coma pedras...

Despois está o Paraninfo (o noso salón de actos), onde temos que destacar as butacas, que deben ter tantos anos coma o instituto, e a humidade, que provoca que os enchufes non funcionen a maioría das veces.

Por outra banda, non contamos cun sistema de taquillas e os roubos de diñeiro e obxectos persoais son cada vez máis habituais (sobre todo na clase de 2º E).

Podería seguir falando de máis cousas pero penso que estas son suficientes e que definen á perfección a utenticidade e carácter único deste lugar, aínda que, a pesar destas múltiples carencias, podo dicir que estou moi orgullosa de ter estudado no instituto máis antigo de Vigo e que nunca esqueceréi todo o que vivín aquí.

Ana González Barreiro,
2 Bach. E



Frases célebres

Jose Luis:

- “Ollo piollo!”
- “Eres más pesada que matar a un cerdo a besos.”
- “Hai que facer fincapé...”
- “Se queredes facer un alarde de virtuosismo...”

Nuria:

- “Se tedes que baixar, non baixedes polas escaleiras.”
- “Que soy vieja pero no soy del Pleistoceno.”
- “El Despotismo Ilustrado se pude resumir con esta frase: Cogemos un monarca absoluto y le damos un bañito ilustrado.”
- “En la batalla de Annual estuvo el general Silvestre, pero sin Piolín, porque Silvestre y Piolín siempre iban juntos, no?”
- “Topete, que no Topito, porque en los exámenes a veces me aparece escrito Topito. Igual que Mendizábal, que es librecampista, va campo a través. Tengo visto de todo: Topito, Tapete...”
- “Sabeis que pendones son banderas, no? Lo digo porque a veces cuando leía esto con otros cursos se ponían a reír al oír la palabra. Porque claro, ellos se imaginaban pendones verbeneros. Y se preguntaban cómo podían ir ondeando.”
- “Dejar a Ferrín sin puro es como sacarle las gafas a Castelao”

Ferrín:

- “El espíritu del Santa Irene tiene un perro de doscientos años. Se materializa y vaga por los pasillos gritando”
- “A literatura americana circula pola esquerda e sen intermitente”
- “Dentro do mundo posmoderno vale tanto Hamlet como o pato Donald”
- “O Che era un terrorista, non imos dicir que era una hermanita de la caridad”

Sousa:

- “Non faiamos un problema.”
- “Cuál es nuestro objetivo: selectividad. De fondo aprobar segundo.”

Pilar (galego):

- “E que eu estou nun flipamento continuo.”

Armando Guerra:

- “A darle caña al mono que son tres días.”

Pilar (latín):

- “Cuidado con las mochilas que si me caigo rompo el suelo.”
- “Ojo pues”.
- “Aviso para navegantes.”
- “Dejadme espacio entre líneas que las palabras tienen que respirar!”

Jacinto:

- “Tened cuidado que tengo ojos por detrás.”

Bernardino:

- “Mecachis en Dios!”
- “La ética para Sto. Tomé es tomar un café con leche con Dios.”
- “Los estoicos no son los primos de aquel entrenador del Celta.”

Sofía:

- “Las colonizaciones son así: ras! Y se acaba la lengua”
- “Eh...? Um?”

Anxo(filo):

- “La revista Trégola es la más cojonuda que tuve en mis manos.”
- “Hostias puras. Hostias con mermelada. Mermelada de manzana y hostias...”

Juan Carlos:

- “Esto no tiene dificultad ninguna que ya no estamos en la E.S.O”

María Antonia:

- “Es que la Biología te llena la vida.”

Sanjurjo:

- “No me toques los protones.”

Agustina:

- “A ver mírame pra aí

Redacción 2ºBach.E



Sechu Sende é un escritor novo nacido en Padrón no 1972. Criouse no seo dunha familia na que había unha situación de diglosia. Na súa adolescencia reflexionou sobre este tema, que os seus pais lle falaban castelán, e decidiu orientar a súa obra cara un ton reivindicativo, criticando os aspectos negativos da situación lingüística do galego. Na súa última obra, *Made in Galiza*, a través desta crítica pretende concienciar sobre a importancia de falar galego nos tempos que corren, xa que isto implica a defensa da nosa identidade. Este libro componse de 42 relatos breves, nos que mediante metáforas e ironías, trata o tema da sociolingüística galega.

Sechu Sende

Hai un relato, por exemplo, que consta só dunha frase, 'Eu nunca serei yo'. Nesta soa frase exprésase a importancia do galego na nosa identidade como pobo fronte ao castelán, que non mostra o sentir da xente da nosa terra.

Na súa visita ao noso centro, comentounos algúns destes relatos, coma un sobre un bebé que vive a mesma situación de diglosia que viviu o autor. Tamén outro sobre unha "ouija" feita con Castelao, relato supostamente autobiográfico. Aínda que non tiña a visita moi preparada, repartíunos un test moi curioso sobre a nosa relación co galego, e malinterpretable a mentes demasiado abertas...

Con este libro e a súa visita, aprendemos que o galego é un sinal de identidade que todos levamos dentro, e que depende de nós sacalo ou non.

Rosalía Fernández Caballero



e

María Vieites Rivera
1º Bach A



Os nosos parabéns

Os nosos parabéns a Sonia Rodríguez Fernández, alumna de segundo de Bacharelato C, que gañou a olímpiada nacional de bioloxía e que participará na mundial que se celebrará no próximo mes de xullo na cidade de Bombay (a India). Dexesámosche moita sorte, seguro que gañas, e se non, polo menos, deixa ben alto o pavillón do instituto!

Marcha esta xeración de xenios; a ver se a próxima consegue superar os nosos logros. Boa sorte Sonia!

Redacción






A lenda de Xerión e a Torre de Hércules

Preguntástesvos algunha vez por que o famoso faro de A Coruña se chama Torre de Hércules? Sabiades que a cabeza dun xigante grego, Xerión, está enterrada en A Coruña?

Pois ben, segundo a lenda, dito xigante foi asasinado por Hércules en A Coruña, quen despois sepultou a súa cabeza onde agora está a famosa torre que leva o seu nome e que tería sido construída precisamente por el.

Xerión era un xigante triple (de tres corpos unidos pola cintura) dotado de catro ás que vivía na illa roxa de Eritia, nos confíns máis occidentais do Ríu Océano, que rodea a terra (é aquí, por suposto, onde se fala de A Coruña, aínda que a illa non está identificada).

Xerión posuía unha manada fabulosa de reses cuxas peles se tinguían de vermello coa luz do solpor. A



Heracles foille ordenado traer os gandos coma un dos famosos Doce Traballos propostos por Euristeo.

O heroe chegou á illa tomando prestada a Copa do Sol (que o deus Helios usaba para cruzar o mar cada noite) como barco, coa que sucou os mares. Na illa atopouse co pastor Euritión e asasinouno, así como a Orthros, o seu can bicéfalo, e por último ao propio Xerión, (cando este o sobrevoaba, disparoulle unha frecha co sangue da Hidra que atravesou os seus tres corpos). Así pois, unha vez finalizou a súa tarefa e enterrou a cabeza do xigante morto, conduciu a manda cara a súa barca e levouna de volta ao Peloponeso

Sara Collazo Álvarez
1º Bach. E



XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Saída da cova - casamento

Viu a luz por vez primeira o día 4 de febreiro de 1915 en Tui (aínda que existe outra versión na cal se afirma que X.M. Álvarez Blázquez está de aniversario o día 5). Foi o terceiro dos seis fillos, todos eles varóns, de María Blázquez Ballester (procedente dunha rica familia colonial cubana) e do médico pontevedrés Darío Álvarez Limases.

O seu pai exercía tanto de forense da vila como de dentista na súa casa (ou caserón, porque vivían nunha casa de 18 dormitorios e cuns 10.000 metros de terreo).

Os veráns pasábanos nunha casa de Baión preto de onde veraneaban os seus tíos paternos, xente moi culta que deixaron unha forte pegada en Xosé María.

En 1936 ingresa no Partido Galeguista, é destinado a Vigo, remata o libro de relatos *Os ruíns*, e empeza a estudar Filosofía e Letras. Non puido rematar a carreira debido a

Guerra Civil, feito histórico que marca profundamente o poeta, xa que o seu pai foi fusilado e el foi desterrado á escola de Coreses, na estepa zamorana.

En 1941 pide a excedencia voluntaria e instálase en Vigo para montar, cos seus irmáns, unha fábrica de tellas e ladrillos en Nigrán, que tivo que pechar en 1945.

Formación dunha familia - Volta ás orixes

A finais de 1946 casa con María Luísa Cáccamo Freiben, coa que tería seis fillos: María Luísa, chamada Colorín, que morrería mocidade; Xosé María, o gran poeta; Alfonso, poeta tamén, e sobre todo fecundo e hábil narrador; Helena, actriz de teatro independente na súa primeira mocidade; Celso, filólogo e poeta; e Berta, a magnífica pintora.

En 1949 publica con seu irmán Emilio o libro *Poemas de ti e de min*,



e é nomeado membro correspondente da Real Academia Galega.

Ao ano seguinte funda a Editorial Monterrey, e publica nela o belísimo libro de poemas *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa filla Colorín.

En 1963 funda cos seus irmáns Edicións Castrelos, que comezan a publicar a colección *Cuadernos de Arte Gallego*, gran novidade na época.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS • 2008



Recepción de Xosé María Álvarez Blázquez como membro de número da RAG, 28 de novembro de 1968. De esquerda a dereita, de pé: Ramón Piñeiro, Xosé Luís Bugallal, Antonio Meixide, Xesús Ferro Couselo, Álvaro Cunqueiro, Xulio Rodríguez Yordi, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Chamoso Lamas, Fermín Bouza Brey e Juan Naya. Sentados: Domingo García-Sabell, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero, Francisco Vales Villamarín, Sebastián Martínez Risco, Xosé María Álvarez Blázquez e Leandro Carré Alvarelos. ARAG.

A principios do 1966 trasládase a Oviedo como axente de vendas de Pescanova, e en setembro leva a familia. Pero ao descubrirse a mortal doenza de Colorín volven para Vigo.



Anos 1930-1940. Arquivo familiar Álvarez-Cáccamo.

No 68 regresa ao ensino e anos máis tarde dará unha serie de conferencias en Miami, Arxentina e Venezuela.

En 1977 a súa muller María Luísa sofre unha meninxite que a pon ás portas da morte, e que acaba deixándoa totalmente xorda. Finalmente, Xosé María morre en Vigo o 2 de marzo de 1985, por culpa da afección cardíaca que padecía desde había anos.

O seu sex-appeal

En canto ao aspecto físico podería dicirse que posuía todas as calidades que unha muller desexa: un gran nariz, unhas entradas que nunca chegaron a converterse en calva, estaba un pouquiño xordo, tiña un gusto por refráns cultos como "*cada can lambe o seu carallo e Deus o de todos*"...é dicir, era un bo partido.



EDICIONS CASTRELOS

Falperra, 33. V I G O



Xosé María foi un home do máis polifacético: como escritor cultivou a poesía, a narrativa e o ensaio; pero tiña un cu inquieto ao que lle gustaban os ósos antigos e esas cousas, xa que foi arqueólogo e investigador (unha especie de Indiana Jones a galega, dende logo moito máis guapo que Harrison Ford). Tamén foi editor e un home que tiña unha concepción de cultura ligada a un forte sentido ético e patriótico.

Catarina Pérez,



Sara Collazo e



Saray Temes.

1º Bach. E



Retorno ás terras da memoria

(Entrevista a *Xosé Luís Méndez Ferrín*)

Con motivo do derradeiro ano de Ferrín coma mestre do Santa Irene, nós, a derradeira promoción de alumnos del, aproveitamos os últimos días para tirar o máximo proveito das súas clases de Literatura Hispanoamericana nas que lle seguimos a ver ese característico brillo dos ollos do que ve o traballo de ensinar coma un pracer e que non son clases comúns porque el coñece nas súas carnes a arte de escribir. E tamén para ter con el unha entrevista e conseguir todo isto que poñemos a continuación.

Trégola: *Cantos anos levas no instituto?*

Ferrín: Non sei...empecei no 65. Dando clases de Lingua castelá, porque a opción do Galego non a había. Bernardino Graña, Francisco Rodríguez, Carlos Casares... toda esa xente eran catedráticos de Lingua e Literatura Española, e para Galego había que preparar unhas oposicións. A min non me apetecía, en realidade o único de nós que terminou de catedrático de Galego é Ramón Lourenzo. O máis importante coñecedor do galego medieval.


T: *Despois de todo o tempo no instituto, que balance hai da ensinanza?*

F: Bueno, primeiro, os plans de estudos. Desde que eu comecei o

bacharelato ata hoxe, dáme a impresión de que todo foi a peor. Antes os plans de estudos para bacharelato eran xeneralistas, e é moi duro dicir que un plan no que había sete cursos de Matemáticas e sete de Latín é bo. Pero eu creo que si. Claro que logo tamén había sete cursos de Formación para el Espíritu Nacional, de política falanxista, e sete de Relixión Católica. E había moi pouco Grego. O Latín ensinábase moi mal. Perdemos de ser unha xeración con moi bo Latín, estabamos inmersos lingüísticamente no latín pola relixión. A misa estaba latín, axudábase á misa en latín... pero os profesores non aproveitaban esa inmersión. Mandábanos traducir cousas que nos aburrían, coma a "Guerra das Galias", e en Grego Xenofonte, a "Anábasis". E tampouco se daba a traducir ós líricos latinos ou os cómicos, coma Plauto. Iso automaticamente interesa porque é poesía erótica, satírica, ou historias divertidas. Polo tanto aprendemos mal Latín, e igual Grego, onde a penas había profesores.

T: *E con respecto ós alumnos e os profesores?*

F: Os alumnos son sempre igual que como eramos nós e como serán dentro de moitos anos, a diferenza é que agora tendes información máis fácil e máis accesible.



Bueno, nós tiñamos a Enciclopedia Británica.

T: *En toda a túa traxectoria como profesor, nunca pensaches en retirarte?*

F: Non, todo o contrario! A min gústame dar clases a xente da vosa idade e máis nova. Senón tería feito un esforzo para situarme na Universidade. Nunca mo plantei porque cando era novo estaba nunha posición de independencia sen ter que dar contas a ningún. E tamén tiña unha actividade política na clandestinidade moi intensa... Dar clases no instituto permitíame ter unha dobre vida, con bastante tempo para adicarme a outras cousas, coma a política, mentres que a Universidade é un mundo máis pechado onde se vive mellor pero ó que a min nunca me compensou aspirar.

T: *E a política, tes pensado deixala?*

.....

***Eu debo ter
unha especie
de predisposición
cara ás cousas
que os demais
non advirten.***

.....

F: Tal como entendo eu a política, que non é nin ser deputado nin conselleiro, iso non o fixen nunca nin quererei. É parte da miña vida, non unha actividade fóra dela, polo tanto adícolle o tempo e o traballo que en cada momento considero. Ó mellor agora teño máis tempo.

T: E, falando de política, conmemórase dentro de pouco o maio do 68. Que significa ese ano para ti?

F: Primeira lección: en Galicia en maio do 68 estaban os estudantes da Universidade de Santiago todos en clase pasando lista, e os líderes, presos. É dicir, o movemento de maio do 68 en Galicia foi en febreiro e en xaneiro, mesmo xa en decembro do 67. Así que en Galicia ocorreu antes de maio, non ten nada que ver co de París. Foi fundamentalmente contra o franquismo. As cousas elementais que se pedían eran que non houbese presos políticos, algunha forma de democracia, e que as linguas nacionais fosen respectadas. Iso reivindicábase tamén en Madrid. É dicir

que había un programa implícito de reivindicación. En Galicia foi unha toma de conciencia anti-franquista e galeguista. Na Universidade foi entre a clase media, pero tamén entre os traballadores, porque no 68 fíxose para o 1 de maio a campaña clandestina máis importante. Malia que logo non houbo manifestación porque non se podía facer. E foi en xullo do 68 cando se convocou por primeira vez o día da patria galega, con manifestacións, e presos. Foi unha toma de conciencia proletaria e obreira. Pero o campesiñado adiantouse; xa no 64 cos acontecementos de Castrelo de Miño daba os primeiros pasos da resistencia anti-franquista. Polo tanto maio do 68 foi para París, para Galicia foi xaneiro e febreiro, e logo maio e xullo, bueno, foi o ano inteiro.

T: Que significa para ti a túa estada en Madrid?

F: Servíame para moito, no sentido de que utilicei para os meus fins os recursos científicos e intelectuais da escola de Filoloxía española de Menéndez Pidal. Foi en realidade o feito de ter sido alumno de Rafael Lapesa ou de Dámaso Alonso unha boa experiencia e moi aproveitable. A máis positiva que tiven na Universidade. Na de Santiago foi negativa, salvo Otero Pedrayo ou o profesor de Filosofía. Iso na orde académica, e na vital quen non o ía pasar ben ós 19 ou 20 anos! Era unha cidade que non me interesaba nada e á que lle terminei collendo afecto. Sobre todo tiven o privilexio de vivir nun barrio de chabolas e frecuentar os ambientes máis castigados polo crecemento capitalista de Madrid, os que aparecen reflectidos na novela de Martín-Santos. Os traballadores das

.....

***Creo que o equilibrio
é que a lingua nos leve
e ó mesmo tempo
controlala.***

.....

capas residentes e emigrados que viñan do sur. Aquelo era a pobreza en estado puro. Así que me serviu para aprender como era o lumpen de verdade. En Madrid hai unha especie de Universidade paralela que é a "Universidade" do Rastro, da delincuencia... A picaresca de "Rinconete y Cortadillo" é todo verdade. Bernardino Graña fixérase amigo dun tal Juanito Mohamed, que vendía perfumes caseiros no Rastro, co que durmía no mesmo cuarto e que era analfabeto. Bernardino Graña sabe árabe, pero deuse conta de que o tipo só sabía de árabe as palabras do Corán de memoria, pois falaba outro idioma. Profundicei moito no mundo da hampa. Aprendín algo de caló, de argot da delincuencia... que despois me serviu para descifrar "Tirano Banderas"



e os esperpentos de Valle-Inclán, que ía tódolos días ó Rastro e se sentaba a escoitar para aprender esa forma de falar.

T: E ti fixeches o mesmo que Valle-Inclán?

F: De Valle-Inclán sempre me contaron que se sentaba a escoitar máis que a falar. Eu ademais falo coa xente, gústame máis o contacto persoal.

T: Tamén sabemos que daquela fixeches unha viaxe por Europa. Como foi?

F: Había unha cousa que se puxo de moda naquela época. Por un lado estaban nos EEUU os beatniks, e todo era "On the road", pero sen coche. Aquí en Europa era o autostop. E era bárbaro porque sempre te collía alguén. Nos países escandinavos, en Alemaña, en Inglaterra... Eran sobre todo os velliños, que falaban mal de Franco, e dicían que apoiarían á República na guerra. Logo tiven

unha estancia dun tempo nun campamento do PC francés, onda Mónaco. O cal me permitiu coñecer ós franceses máis profundamente. En realidade na miña xeración iso era moi importante porque agora calquera rapaz coma vós e un francés sodes iguais, pero daquela non. Os costumes, a maneira de ser, eran aquí distintos que en Europa. Agora é practicamente igual. Eu teño unha filla que fixo un Erasmus en París e estaba vivindo cunhas rapazas francesas e eran idénticas.

T: E que foi daquela viaxe o que máis te marcou?


F: Bueno, en realidade a primeira cidade grande que vin na vida foi Lisboa, e despois Madrid. E o que me chamou a atención é que alí estivera máis arregrado, moito máis limpo que Lisboa e Madrid. Home claro, o nivel de vida con respecto a España era brutal. Quero dicir que en Francia non tiñas diñeiro para tomar unha cervexa. Ou en Suecia un paquete de tabaco costaba o que podía ser en España 500 pesetas, e iso era unha fortuna. Aquela diferenza era tan inmensa que había un abismo. Sentíaste pobre, inferior.

T: E como sobrevivías?

F: Pois con algunha pasta que conseguía, dos pais, que me podían dar algo... E despois faciamos traballos ocasionais... Recordo, por exemplo, o primeiro traballo que fixen: derribar unhas casas en Mónaco, cun capataz que era un antigo sarxento das Brigadas Internacionais que me dixo: "Ah, tu eres español? Pois veña.". E deume choio. Así sobrevivía.

T: Unha curiosidade: sabemos que ti es un experto do maquis. E queremos preguntarche máis ou menos que supón para ti.

F: En realidade non son un experto. Bueno, a min pasoume unha



cousa. Cando era pequeno falábase da guerrilla. E eu vin os guerrilleiros cos meus ollos parados nun coche de liña no que viaxaba miña nai, que era inspectora de escolas, comigo, e pararon o coche, dixeron "boas tardes", preguntaron nonsei qué e seguimos. Eu nin sequera lles vin armas, non as necesitaban. Pero pasaron os anos e vin que todo iso se silenciaba. Ocorría coma nese episodio de Cien años de soledad no que matan a nonseicantos e despois aquilo non ocorreu nunca. O Partido Comunista quería que se olvidase, non daba información porque non quería loita armada. E eu estaba vendo que todo aquilo que vira que non existira, e iso preocupoume. Pero tamén houbo sorte porque veu un investigador alemán que se chama Hartmut Heine e estableceu as bases desa historia. Foi a primeira vez que se puxo por escrito o que aquí ocorreu, e fixoo un alemán que non era

.....

Onte decidín dicir

que había que

estar en contra

do goberno de Zapatero

e do da Xunta,

pero facéndoo sen dicir

as bobadas

que di a oposición.

.....



sospeitoso de nada. Despois, a partir de aí, foise facendo a historia, na cal eu non participei. Eu seguín ós historiadores e máis lembranzas persoais dalgunha xente que vive, que conta o que pasou. A valoración política do maquis que fago eu é que Galicia é o único lugar do territorio español onde existiu unha loita armada antifranquista entre 1939 e podemos dicir que 1974. E non hai nada fora de Galicia que fose así. Entendendo Galicia dun xeito un pouco ampliado: Galicia, Bierzo e montañas fronteirizas de Portugal. Aquí estabamos facendo a loita armada de verdade, cun contacto co pobo, de acordo cos campesiños, cunha rede increíble de apoios... Sen iso sería imposible. E xa no 74 apareceu un líder guerrilleiro con setentaepico anos morto de morte natural no monte coa documentación política e militar, o carné do Partido Comunista e armado.

T: *Outra cousa que sabemos de ti é a túa afección pola entomoloxía. Cal é a súa orixe?*

F: É que eu debo ter unha especie de predisposición cara ás cousas minúsculas, e incluso de cara ás cousas que os demais non advirten. Ó mellor é que quero ver o que ninguén ve. Pode ser iso, non? E vexo que nos insectos non se repara, son desprezados e dan noxo normalmente. Písanse. Tamén me gusta moito a onomástica, porque me interesan os nomes de lugares e os nomes de persoas porque ninguén repara niso. Na nosa cabeza hai milleiros de nomes de persoas, de apelidos... pero ninguén se pregunta que queren dicir. Quero dicir que para min a onomástica é coma a entomoloxía, son unidades nas

que non se repara. Entón a min gústame buscar eses elementos que están entre nós e que pasan desapercibidos.

T: *Con respecto ó futuro, tes algún proxecto literario?*

F: Eu nunca tiven proxectos literarios na miña vida, todo o que fun escribindo foron cousas que se me ocorreron, improvisacións. Eu non teño un proxecto de obra literaria e non o terei nunca. Durante longos anos da miña vida interesoume moito o conto e sobre todo explorar as súas posibilidades, porque o conto estaba aí, está aí, e ninguén lle presta moita atención. Está arraigado na tradición universal, no subconsciente universal. Se é que hai un subconsciente universal. Pero evidentemente o conto é algo que está en todas partes. A Odisea, por exemplo. Que é senón unha sucesión de contos? Non toda ela, pero hai moitos contos: a historia de Polifemo... Quería dicir que polo tanto eu tiven unha temporada de contos e tiven algunha temporada de novela, pero nunca tiven un plan

de me adicar á novela nin á poesía especialmente. A literatura pénsase, ten que ser froito da intelixencia. E, naturalmente, do pulo creativo, pero ese pulo creativo haino que controlar intelixentemente... É coma a equitación; hai que levar ben colocados os pés e as mans, porque senón o cabalo é unha potencia, unha forza que tira e se descontrola. Creo que o equilibrio é que a lingua nos leve e ó mesmo tempo controlalala. Unha frase tira da outra, e outra da outra e unha palabra de outra...e vai formando a obra, o poema. E unha novela grande vai armándose a si mesma, pero ten que ser coa intelixencia. "La inteligencia me da el nombre exacto de las cosas", dicía Juan Ramón Jiménez.

T: *Que opinas da situación política actual?*

F: Pois desde onte decidín dicir que había que estar francamente en contra do goberno de Zapatero e en contra do goberno da Xunta de Galicia. Pero o problema é facelo sen dicir as bobadas que di a oposición. Non podoo ser



Ferrín e os seus acólitos

compracente en absoluto cun goberno no que existe un Baltasar Garzón que prende a unha alcaldesa democrática en Mondragón ou que pecha periódicos, senón non sería eu... De todas maneiras dende un punto de vista de esquerda sempre se din cousas diferentes do goberno de Zapatero das que di a dereita. A dereita dirá que Zapatero é demasiado laico e nós diremos que tiña que selo máis. E o goberno de Galicia parécese verdadeiramente pobre, hai unha ausencia de liderato total, Touriño non exerce como presidente dun país. No goberno de Galicia o único partido de oposición é a dereita, e non existe un partido de esquerda na oposición. No Parlamento de Cataluña hai cinco partidos representados, no do País Vasco hai seis, e no galego hai tres, dos cales dous están no poder e un na oposición, e o que está na oposición é o que estivo antes no poder, é a dereita. E polo tanto é unha quenda.

T: *Que opinas da arte e a literatura da actualidade?*

F: Bueno, pois eu penso que estamos

.....

O que hai

é unha certa trivialización,

e creo que

o posmodernismo

forma parte dela.

.....



vivindo unha época de Ferro ou de Bronce, pero dende logo non áurea. É dicir, cando eu tiña a vosa idade, os escritores que tiñan a miña chamábanse Hemingway, Faulkner, Camilo José Cela, e Celso Emilio Ferreiro. Hoxe non vexo en Norteamérica ningún Hemingway, ningún Faulkner ou ningún Eliot, ou en Grecia ningún Constantino Kavafis. Entón, todo tempo pasado foi mellor? Non, non creo. Quero dicir que hai épocas peores. Eu creo que estamos nunha época mediocre para a literatura universal. Non creo que exista unha literatura universal, hai literaturas nacionais. Pero hai un estándar epocal, poñéndonos pedantes, e este non ten as referencias que tivo por exemplo a literatura norteamericana nin a francesa. Non hai en Francia ningún Sartre, nin ningún director de cine coma os da nouvelle vague. O que hai é unha certa trivialización, e creo que o posmodernismo forma parte desa trivialización. Ó haber unha perda de xerarquías non hai traxedia, non hai paixón, é dicir, hai permisibilidade sexual, e namoramentos,

pero a morte non ten rictus, non ten estertores, é doce. O amor é trivial, ninguén morre por amor, non hai Edipos. Hai horrores no mundo, pero non na literatura. Non hai radicalidade, nin ideolóxica nin sentimental. Pero tamén hai que dicir que a literatura galega está certamente nun período de esplendor. Que quere dicir iso? Non o sei. Pero o mellor poeta da literatura castelá, Antonio Gamoneda, di que a poesía galega que el coñece é superior a todo o que se escribe en castelán. Tal vez o posmodernismo fai posible a aparición de literaturas nacionais subalternas, do terceiro mundo, como a literatura galega, e de posicións que ata agora foron subalternas, como a feminista ou as ecoloxistas. Evidentemente hai puntos de vista novos que afloran, e o posmodernismo favoreceunos. O que pasa é que en arte non se evoluciona. Quen vai escribir mellor que Ovidio a historia do lobishome? Quen vai pintar un cadro mellor que o bisonte da cova de Altamira? Quen vai facer un poema populista mellor que Martín Códax? Cada época ten unha característica específica; a da nosa é a trivialización. Pero pode cambiar e de feito cambiará; aquí non se queda quieto nada, xa o dixo Heráclito. Todo pasa, efectivamente, nada permanece, e as formas culturais están en continuo estado de transformación.

Redacción 2ºBach.E

Xosé L. Méndez

Despedida da Promoción 2002 - 2008



2º Bacharelato -A- Diúrno

Por fin chegamos ó final desta etapa, tócanos despedirnos do instituto. O bacharelato pasou voando e sen decatarnos xa nos toca marchar. Temos moita ilusión polo que nos agarda aí fóra, e tamén algo de medo coa selectividade que se perfila como unha ameaza non tan lonxana. Algúns levan aquí desde os doce, xa toda unha vida, e outros chegaron hai pouco, pero seguro que ninguén de nós esquecerá o noso paso polo Sta. Irene, para ben ou para mal. Grazas por todo, por mostrarnos o camiño para chegar onde cada un quería. Como recuerdo noso, deixámosvos estas fotos, a que saímos moi guap@s?

R.I.P. 2º Bacharelato Curso 2007/08



2º Bacharelato -B- Diúrno



2º Bacharelato -D- Diúrno



2º Bacharelato -C- Diúrno



2º Bacharelato -E- Diúrno

*Primeiro premio de narrativa categoría B
(4º ESO e Bacharelato) do certame literario*

Letras Galegas 2008 – Santa Irene

• Baixo a luz do candil •

A cidade estaba baleira, baleira de xentes e de ruídos, de sensacións e dese cromatismo que convertía cada xornada nun amago de truco de maxia por parte dalgún feiticeiro, quizais oculto entre as tebras dalgunha congostra misteriosa e chea de escuridade. Por ese mesmo motivo non lle foi difícil atopar a paz que precisaba, ó mozo que agardaba baixo a luz tenue dun candil de óleo, colocado sobre o marco dunha porta dunha tasca pechada, e que pese a isto desprendía un fedor antinatural.

A súa cita probablemente non tardaría en chegar, recibiron a carta apenas horas antes, non recordaba terlle aberto a porta a ningún mensaxeiro, pero o certo é que a misiva chegara ás súas mans...o certo é que non lembraba ter suxeitado esa carta nas súas mans, pero dalgún modo o seu contido estaba gravado, coma cun cincel, na mente do mozo que esperaba con ansiedade.

Falaba de desesperanza, de que a única posibilidade de salvación era que os dous se reunisen, de que a única posibilidade de que houbera un mañá era evitar que o amencer chegase antes de que se reunisen, de que ó fin os namorados se recoñecesen nese ambiente nocturno e escuro, apenas iluminado, da congostra. Levara a súa arma, só por precaución, por se alguén tentaba interpoñerse no camiño dos dous...pero, como agora conseguía lembrar, non chegara a coñecer a ningunha rapaza, ningunha coa que tivese un vínculo tan grande, ningunha coa que puidese chegar realmente a súa vida lamentable e chea de erros, de todos os seus fallidos intentos de lograr o cadro máis fantástico de entre os que se realizaban na época.

Quizais tanta absenta a borrara da súa memoria...quizais todo fose obra das alucinacións dun home que bebera de máis...pero o certo é que a anguria por pensar que esa carta non existise realmente, que tal vez a saída do seu mundo baleiro e sen sentido non fose máis que unha invención provocada polo alcohol, polos efectos nocivos na cordura e o autocontrol da droga que tantas veces lle axudara a organizar as súas ideas, incluso a ter ideas brillantes para pintar, unha mostra máis de como os bos amigos poden convertirse da mañá á noite en funestos inimigos...

–Tranquilo...–unha voz tan doce como a vida mesma chegou a oídos do melancólico rapaz que se retorecía entre os seus sufrimentos.

Apareceu entre a penumbra da noite e achegouse á luz do candil, pese o estado de ebriedade no que se atopaba o mozo puido percibir claramente a súa beleza calmada, era ela a que se comunicara con el, coñecedora de tódolos seus sufrimentos, era ela, sempre fora ela a que atraía os seus pensamentos, coma luz para insecto. Cando o candil alumeou, ó final deixou descubrir unha figura de mediana estatura, corpo miúdo, de finas pero ben marcadas liñas, o mentón algo puntiagudo, e coa función de marco para os labios máis finos, astutos e xélidos que se pudiesen contemplar, unha beleza ártica e inigualable, un imán para a vista, o nariz, pequeno, arredondeado, unha proporción perfecta para un corpo perfecto, a melena escura ondeando ante un vento inexistente, entre as roupas de coiro negro, cinguidas por zonas, e con cadeas sen sentido por todas partes, onde non debían estar, coma un manto de prisións do que non podía

saír. E unha ollada cargada de comprensión, non era o que se podía agardar dun ente tan terriblemente temido, esa mirada franca, honesta, cun deixo de piedade que de pouco lles serviría a aquilos en que se pousase, coma o rapaz que a ollaba embelesado. A fragancia de rosas, lirios, de todas as flores que se puidesen atopar nun cemiterio, era acompañante fidelísima dunha figura tan cargada de beleza como atemorizadora, dunha beleza feiticeira e repugnante. En troques, para a moza nada había de repugnancia na imaxe.

–Todo rematou– de novo esa voz tan doce–, pola mañá estaremos xuntos.

A pesar do medo que sentía, el asentiu coa testa, unha orxía de sensacións percorréndolle o corpo fíxoو tremer, coma se fixese frío na noite máis cálida que vivira. Pensou entón en todo o que deixaría atrás se se deixaba guiar por aquela moza, aquela que parecía comprendelo todo e ter unha vontade tan firme de axudalo...

Achegouse tanto que a respiración do home se acelerou, nervioso como estaba, cada vez a fragancia mortuoria máis perceptible, máis forte con cada paso que ela daba. Chegou canda el e rozou a súa meixela co dorso da man, tan frío coma o xeo, tan frío que de novo el comezou a tremer con forza, en cambio, nada había que desexase máis que abrazala, que bicala, e foi entón cando ela lle abriu os ollos, para o mozo todo comezaba a resultar confuso, todo o que bebera comezaba xa a facer estragos no seu organismo, e nada era claro xa. Viu como a moza, con coidado,

collía as súas mans, con tristeza, as guiaba ata o cinto que gardaba a arma, e o axudaba a collela. A Morte mirouno ós ollos, xa revelara a súa verdadeira identidade, a rapaza, tras tantos sufrimentos, viña por el, xa nada o molestaría, o día seguinte estaría morto e ningún chegaría xa a amolalo. Guiou ela a pistola ata os beizos del e bicouno co canón, metálico, dun tacto e temperatura similares ós da rapaza, xa estaba dentro, e só quedaba accionar o percutor, durante varios minutos permaneceron así, quietos, agardando a que un dos dous cambiase ó fin a situación, tan dura e tensa, el convencido de que por unha vez tería o valor de facer o que realmente desexaba, ela agardando en silencio, a Morte é paciente, sobre todo cando lle convén.

Pero a situación non podía ser eterna, e nun momento dado, ela quitou a arma de dentro da boca do seu acompañante, e lentamente achegou os seus beizos de xeo a el, chegando a bicalo, chegando a levalo ó ceo, onde relamente desexaba estar, o seu propio *paradysso*. Pouco a pouco axudouno a tumbarse no chan e deixouno alí, como mecido por un vento que non o mecía realmente. Cando ó día seguinte un transeúnte atopou o seu cadáver sorprendeuse enormemente pola expresión de ledicia que gardaba o seu rostro descarnado.

“O Cronista do Olvido”
é David López Medina 2ºBach.E



*Primeiro premio de poesía categoría B
do certame literario*

Letras Galegas 2008 – Santa Irene

O tormento

Deus, onde estás nesas noites
Nas que sinto morrer,
Cando as penas me corroen
Desfacéndo o meu ser?

O camiño troca escuro,
Longo, imposible, cruel,
E o meu corazón cativo
Non o pode comprender

Feridas as mans de apertar,
Cheíños os ollos de bágoas,
Sanguentos xeonllos de rezar,
Deus, por que non me salvas?

Corro lonxe, moi lonxe,
Preto de onde a terra acaba,
Corro co vento e coas follas,
Coa luz, coas horas, coa auga.

Máis aló onde eu vou
O ar os meus males arrastra,
Conducíndome á loucura
Desfacéndo a esperanza

Señor, se a túa cruz te feriu as costas
Por lograr a salvación
Como é que permites agora
Desgarrarme pola dor?

Non, non podo máis.
Non podo seguir chorando.
Xa me custa respirar,
Os meus ollos están cansos.

Perdinme no camiño
E non podo volver,
Rotiños os zapatos
Rotiña a miña pel.

Que bulan as horas!
Que corra veloz o tempo!
Que pase a miña vida!
Que acabe o meu tormento!

As tellas da miña casa
Hai moito tempo caeron,
Non sei loitar contra a choiva,
Non sei loitar contra o vento.

Procuro erguerme a modiño
Pousando os pés no terreo,
Pero sempre hai tormenta
E sempre acabo caendo.

Esquecinme de como sorrir,
Esquecino hai xa moito tempo
¡Non quero seguir vivindo
se sempre vivo morrendo!

“CLACODE”

Vanesa de Ruiz Iglesias. 1º Bach. D

Cos tenros once anos

Cos tenros once anos
Encorvada e patizamba
Algo inxenua e vergonzosa
Rematei o colexio.

En primeiro da ESO
Ó principio sentínme soa.
Coñecín a xente nova,
Atopei ós meus amigos.

Cando cheguei a segundo
gañábame a confianza.
Pensamos comer o mundo
Pero fómolo deixando
E quedamos sen apetito
Cos pés ben cravados na terra.

A terceiro chegamos
E declarouse a alerta vermella.
De todo escachabamos:
Portas, fiestras e algunha mesa.

Un radiador polo chan...
Foron os da outra clase!

Cando chegamos a cuarto
Xa nos entrou o medo.
Pensabamos en bacharelato,
En elixir que estudar.

Como unha identidade:
Ti de ciencias? Eu de letras!
Debes estar tola!

E as clases pasando
Entre batallas de bólas
Feitas de xornais vellos.

Foi chegar a primeiro
E todos medramos un palmo.
Responsables, estudamos,
Buscando a mellor das notas
Inda sen saber para que,
Esforzándonos a deshoras.

Agora estamos en segundo.
Eu non sei que estudar.
Son unha rapaza de letras,
Vou por leis ou maxisterio?
A selectividade está a chegar!
Que se deteña o tempo!
Nós non queremos marchar!
Que nos agarda aí fóra?
E se suspendo ó final?

Sempre a mesma pregunta:
E ti que vas estudar?

O futuro vese escuro,
Prefiro mirar atrás.

Só me queda por dicir
Que estou contenta e orgullosa
De ter estudado aquí.

Despídome, instituto,
E só me pesa na alma
Que non vin nunca a pantasma
Da chamada dona Irene

Andrea López Romero
2º Bach.



Oda a B(X)

Oh, manto de negrura,
Lacedemonio reflexo
Que nos cheas de amargura.

Poderosa arma de Héctor,
Escudo de virilidade
Para atormentarnos do peor xeito.

Oh, negra expresión,
Saída da fragua de Hefesto,
Por favor, ten compaixón.

Duro manto de león,
Morto no seu labirinto,
De virilidade todo un Orfeón.

Cada hora un inferno,
Con esa pelaxe, na clase todo é eterno.

(E como os nenos espartanos ante a súa execución,
Asegurámolo, es un cabrón.)

Pablo Rodríguez Liboreiro e



David López Medina
2º Bach.E



*Primeiro Premio de narrativa categoría A (EPO)
do certame literario*

Letras Galegas 2008 – Santa Irene

• Unha inesperada viaxe por Galicia •

Ese mesmo serán quedei sen traballo. Mantíñame nese oficio dende os 16 anos. Xa tiña moita experiencia nel e facíao con moito gusto. O meu xefe non podía pagar o aluguer porque, ó parecer, ós sevillanos non lles gusta moito a comida mexicana. Achegábase o verán e tiña o diñeiro xusto para non pasar fame durante os calorosos meses que me agardaban.

Chámome María e, segundo me contan, aparento moitos menos anos dos trinta que xa teño. Gústame vestir con saias longas e camisetas sen manga. Fanme sentir coma cando era cativa, e iso tráeme moi bos recordos.

Estaba moi abraiada. Cando cheguei á casa, calcei as pantuflas ó revés sen dar-me conta e lavei a cara case sen conciencia. Escoitei o timbre do meu móbil desde o baño, e cando fun colle-lo, vin na pantalla o nome do meu amigo Xulián. Iso alegroume bastante, porque non o vía desde que acabamos xuntos a Universidade. El marchou ós Estados Unidos a traballar nun negocio familiar importante que cotizaba en bolsa. Xulián contome que acababa de chegar pola mañá a Sevilla. Estaba facendo unha parada na súa viaxe ó congreso nacional da empresa nas Illas Canarias, e quería quedar comigo. Quedamos no bar Eslava ás dez da noite.

O ambiente do bar era agradable. Estaba iluminado por dúas velas débiles que tendían a extinguirse. O mantel da mesa para dous do recuncho era a cadros vermellos e brancos. Cheguei dez minutos tarde porque non encontraba sitio para aparcar, case me cae a cara de vergoña, porque el era sempre moi puntual. Cando nos

serviron aqueles apetitosos entrantes Xulián empezou-me a contar as súas numerosas viaxes. Destacou unha de todas as que enumerou. Fíxo-a cando tiña 22 anos e díxome que fora unha experiencia increíble que todos deberían coñecer. Falou dun tal Breogán e dunha terra e o mar caía en picado, falou de rías, de hórreos e covas de meigas. Un vocabulario un tanto descoñecido para min. Díxome que era algo difícil de explicar. Sentimentos que tan só comprendería estando alí. Dixo que esa terra era Galicia e que todo nela era verde e fermoso. Ó acabar aquelas solemnes palabras o seu buscapitou facendo un incómodo chirrido que alarmou a tódolos comensais. Tiña que coller o barco e non debía perder máis tempo. Pagamos a conta e marchamos. Cheguei ás once e media. Tiña unha mensaxe no correo. Era de Xulián, que conseguira alugar unha casa nunha pequena e acolledora vila no interior de Galicia para o mes de Xuño, cando el tiña vacacións, e quería convidarme a ir con el. Ó principio pensei que era unha mala idea, pero agora sen traballo, tiña moito tempo libre, e así ademais cavilaría sobre a miña vida.

Ó día seguinte fun á estación de trens a coller as pasaxes. Tan só quedaba unha semana para Xuño e pensei que non quedaría ningunha. Afortunadamente quedaban de sobra. Dábame tanta vagancia facer as maletas que as fun aprazando ata o último día, un mal costume que teño.

Chegou o día. Erguin-me ás catro da mañá, almorcei e antes de marchar recei á miña estampa da Virxe do

Rosario. A viaxe foi moi tranquila, e pola ventá mostrábanse ante min fermosas paisaxes coloridas. Fascinoume o cambio das terras áridas de Andalucía ou do León ás frondosas fragas que cubrían os montes galegos.

Cheguei á estación sobre as dez do día seguinte, baixe do tren e chamei a Xulián para encontrarme con el e ir en coche ata a vila. Ese día o ceo estaba cheo de nubes e parecía que non chovía, pero no camiño dende a porta ata o coche empapeime ata os calcetíns.

Era unha choiva especial, parecíame máxica. Facíache caricias e cóxegas na pel, era suave coma veludo, non agresiva e forte como a da terra de onde viña.

Quedei durmida no coche e espertoume Xulián ó chegarmos á casa. Era de pedra e estaba nunha ampla finca na que ocupaba a parte dianteira da parcela, na parte traseira había un terreo de cultivo, unha hamaca sostida por dous fortes e grosos carballos que daban unha grande sombra.

Entre na casa e, aínda que xa non chovía, o camiño empedrado estaba mollado e esvarei varias veces, mancándome nun xeonllo. Por fóra parecía grande, pero por dentro a casa era pequena, tiña dúas habitacións, un baño e un salón. Eu non encontraba a cociña, chamada lareira. Eu non sabía cociñar alí, porque non tiña nin microondas nin vitrocerámica, así que Xulián cociñaría só, o que me amolaba por non poder axudarlle.

Estabamos un pouco cansos, co que decidimos descansar e empezar a facer turismo ó día seguinte. Deixei a miña rebeca na que sería a miña habitación e desfíxen as maletas. A habitación parecía moi antiga. Os mobles eran de madeira de cor caoba. Debaixo da ventá estaba a cama, xunto a mesiña de noite, e na parede oposta á da ventá había un armario grande de dúas portas que tiña cerradura con chave. Ó pé da cama había un arcón, onde estaban gardadas as mantas e as sabas. Rematei ás nove da noite de desfacer as maletas. Deiteime na cama e quedei durmida con roupa e enriba da colcha.

Espertoume o galo do veciño ó chegar o amencer. Sentíame como nova e chea de enerxía. Xulián agardábame co almorzo na mesa de pedra diante da lareira. Ía moitísimo frío, tanto que sentía coma o xeonllo que me mancara queixábase tamén. O sol saía de entre as montañas que se alzaban entre nós, asomándose coma un coello asustado sacando a súa cabeza da tobeira. O noso veciño chamou á porta. Viña presentarse e coñe-

cernos, e traía con el un cubo de leite das súas vacas como agasallo de benvinda. Nós, moi agradecidos, convidámolo a almorzar connosco, el dixo que non ó tempo que me ollaba fixa e intensamente. Cando marchou Xulián e mais eu arraxámonos para saír.

Parecía mentira que aínda non souberamos o nome do pobo onde estabamos. Collemos o coche e no camiño puidemos ler un cartel que dicía: “Benvidos a Redondo, Covelo”. Mercamos un mapa de Galicia na oficina de turismo e decidimos ir a Santiago, porque nos dixeron que non podíamos irnos ser ver esa cidade. Pasámolo moi ben alí, aínda que desilusionounos o feito de que xa non se lle poidan dar croques ó Santo dos Croques, e tivemos que conformarnos cun simple aloumiño.

Chegou Xullo. Estabamos a pasalo moi ben, pero as vacacións de Xulián chegaban á súa fin, e con elas a viaxe por Galicia. Eu non quería voltar a Sevilla. Sevilla era moi bonita, sen dúbida ningunha, pero ó marchar, sentín que algo dentro de min ficaba fóra de lugar. Xulián díxome que tiña o que lle chaman “morriña”. Ó principio pensei que me estaba insultando, pero logo entendín que quería dicir que botaría de menos estar aquí. Mais non podía ser, xa que de quedar, non tería nin amigos, nin traballo, nin nada.

Pero logo pensei que podería alimentarme cos produtos da horta, coñecer os veciños e facer novas amizades. Tamén vendería os produtos do cultivo para pagar o aluguer da casa. A Xulián pareceulle unha magnífica idea, co que se despediu de min e díxenlle que estaba convidado a vir sempre que quixera, e deille mil grazas por recomendarme viaxar aquí e acompañarme nesta viaxe.

Hoxe, ós meus oitenta e sete anos de idade penso deixar en herdanza este maravilloso tesouro ós meus dous fillos; os que tiveron co meu defunto marido, o veciño que nos recibiu tan amablemente cando cheguei aquí. O día da nosa voda unimos as dúas fincas e fixemos unha casa máis grande. Sei que verei amencer poucas veces máis, co que penso disfrutar ó máximo o que esta terra me ofrece. Botarei de menos as tarde deitada na hamaca onde me abaneaba o vento e acariñaba o meu pelo longo coma se xogase con el, e os raios do sol filtrándose a través dos buracos das follas...

Yeray Manuel Rodríguez Cabaleiro 2º ESO B

O abrecartas

Era un día sombrío, nubrado pola tristeza lucense que se respiraba nesa época do ano...pero Enma non podía deixar de sorrir, mentres suxeitaba o abrecartas coa man dereita.


Aquela mañá, ao espertar, o seu único pensamento foi para Carlos. El xa non estaba...e nunca volvería a abrazala. Aquela realidade tan incríbel coma devastadora fíxoselle imposible de soportar e tomou a decisión máis importante da súa vida, a derradeira.

Non podía crer que despois de todo o que sufriran, a súa historia rematara daquela maneira tan cruenta. Dende que coñecera a Carlos, a súa vida convertérase nunha loita sen fin por estar ao seu lado, pero as circunstancias non poderían ser peores naquel intre: estaban no medio dunha guerra, e Carlos estaba inmerso nela coma o que máis. O día que marchou, Enma sentiu que unha parte dela íase con el, e pronto comezaron a súas dúbidas e os seus medos. E se non volvía canda ela? Esa idea asentouse no fondo do seu corazón, e dende entón non volveu durmir tranquila. Os días facíanselle interminables, contaba as horas e os minutos para poder ver a Carlos de novo...pero el nunca chegaba.

Non tiña ningunha noticia sobre o seu paradoiro, nin sabía se se encontraba ben. Vivía o día a día como unha angustia sen fin, esperando que o seu amor chegase a



casa e lle devolveuse a vida. Pero a súa esperanza esfumouse cando un día pola mañanciña recibiu unha carta que non se atreveu a ler. Os seus medos agolpáronse no seu corazón, que comezou a latexar a unha velocidade arrepiante. Cando por fin abriu a carta a verdade caeu sobre ela como unha pesada lousa: Carlos non volvería, morrera había tres días. Pero Enma non se sorprendeu, xa había tempo que sabía o final da súa historia...pero esa carta usurpálle toda a esperanza dun final alternativo, dun final feliz. Mirou o abrecartas que aínda sostiña coa súa man dereita e soubo o que tiña que facer. Xa nada importaba, a decisión estaba tomada. Por fin ía rematar a súa lenta agonía. Botou unha última mirada a ese mundo que a fixera tan desgraciada e tomou aire por derradeira vez na súa vida.



Sara Collazo Álvarez
1ºBach.E



Habitación Quince

Un soño, real ou non? O home, coma cada noite, déitase no seu leito, na rutina da súa monótona vida, sempre sen cambios. Non lle custa nin cinco minutos coller o sono namentres escoita un home falando ao outro lado dunha radio colocada nalgún lugar do cuarto.

Un bar na zona do porto, as luces prendidas, o cheiro a mar, alcohol e tabaco mesturados chega ata as súas fosas nasais cando o mozo percorre a rúa coa intención de entrar na taberna. Sons, ruído de copas, de homes bebendo, séntase na barra, a morena camareira vaino atender, que che poño, unha cervexa por favor, o son do líquido verténdose na xerra, os risos dos homes e dos seus respectivos amores dunha noite, os borrachos cantando cancións mariñeiras, pero a cervexa xa está diante del, a camareira sorrindo mentres vai a atender outro cliente, o frío líquido pola súa gorxa, as ganas de esquecer, o cheiro a mar, alcohol e tabaco mesturados, de súpeto algo distinto, una presenza feminina ao seu carón, uns cabelos louros sobre os seus ombros, o seu propio amor dunha noite, unhas mans baixando sensualmente polo seu peito, as formas da muller apertándose contra a súa espalda, e ti como te chamas rapaz, Marcos, pois eu son Claudia e podo ser o amor da túa vida, Só por esta noite? Si, só por esta noite, un sorriso no rostro, un leve xesto de asentimento, as mans de Claudia baixando de novo polo seu peito, o son metálico do obxecto caendo no peto esquerdo da súa camisa, Claudia separándose del e marchando polas escaleiras que dan ao piso superior, o cheiro a mar, alcohol e tabaco mesturados, o sorriso de novo, a cervexa correndo pola súa gorxa, os borrachos cantando cancións mariñeiras, a morena camareira rindo ante cada palmada dos homes sentados na barra, os homes sentados cos seus amores dunha noite en brazos.

Marcos mete a man no peto e saca as chaves do cuarto de Claudia, habitación quince, o sorriso sen desaparecer do rostro, a cervexa apurada a toda presa e o son das moedas ao deixalas sobre a barra, o crack da madeira ao subir as escaleiras, habitación quince, o cheiro a mar, alcohol e tabaco mesturados, os exaltados sons chegando ata os seus oídos dende os outros cuar-



tos, habitación quince, as chaves na cerradura, o xiro, a porta aberta e pechada tras del, Claudia sorríndolle dende o leito, tardaches moito, síntoo meu amor, síntochos de veras, non pasa nada, ven aquí, as mans sobre as roupas, o calor dos corpos, o roce dos louros cabelos, a eterna loita dos beizos contra a pel, combatendo pola supremacía, o cheiro a mar, alcohol e tabaco mesturados, o sabor da suor, as ouleadas de lume no seu interior, a voz dun home falando ao outro lado da radio colocada nalgún lugar do cuarto, os exaltados sons da batalla entre o mozo e a muller resoando na habitación, querereite para sempre, rapaz, pero só nesta noite, si, para sempre nesta noite, de novo as exaltacións, a calor, o louro cabelo sobre a pel do rapaz, o cheiro a mar, alcohol e tabaco mesturados, a segunda batalla da eterna guerra durante esa noite, o agotamento dos membros, a chegada do día, o home levantándose do leito cara a outro día da súa monótona vida, sen cambios, apaga a radio que deixara acendida, sente o peso no seu pixama, saca unhas chaves cun letreiriño do peto esquerdo da parte superior da súa prenda de durmir, unhas chaves que fan que algo chegue ata as súas fosas nasais, o cheiro a mar, alcohol e tabaco mesturados, o carteliño co número da súa habitación no Ritz, habitación quince


Borja Aguiar Saco
2ºBach.E



CREO... QUE NON SEI XA
ONDE ME ATOPO...

¿CANTOS DÍAS
LEVAREI AQUÍ?

O ÚNICO QUE IMPORTA
É SOBREVIVIR...



OUTRA
VEZ
DESPÉR-
TOME NO
MESMO
SITIO.




FOI CANDO CAÍN DENDE
AQUEL PRECIPICIO...

OU MELLOR DITO:
TIREIME

POR ISO AGORA ESTOU RODEADO DE
MONTES, CON PEDRAS AFIADAS COMA
COITELAS...

PRESINTO
QUE ALGO
VAI
CAMBIAR...



ESPERO NON
ESTAR...



BOOOOUUM

SE ESTIVESE

A PARTIR EN DÚAS
METADES...

É
COMA
SE A
TERRA
...

TAP
TAP

¡TROPECEI!!!

SHAAA!

¿AUGA?

¿NESTE
MUNDO...PODES
MORRER?

ALGO
ESTAME
A
ARRAS-
TRAR!

VOU
DEREITO
AO
FONDO...



REGRESA A MIN...

¿REGRESAR...?

QUE DOCE É ESA VOZ...

PERO ESTOU MORTO... QUE MÁIS DA QUEN ME FALE, NON PODO SENTIR.

NECESÍTOTE

ESTÁS VIVO.



ENTÓN... ¿QUÉ FAGO NESTE MUNDO EXTRAÑO?

AXUDAR-ME...

¿DENDÉ AGORA SERÁS O MEU ALIADO...

RECOLLERÁS AS ALMAS...

¿QUE É ISTO? PARECE UN MORCEGO...

FLAP!

FLAP!

ESE É O PREZO
QUE DEBES
PAGAR...

DENDE
ENTÓN...
A MIÑA
MISIÓN...

POR ISO
ESTÁS
AQUÍ...

RECOLLO
ALMAS DE
TODOS OS
LUGARES...



DA TERRA.



FIN.

O cine

Hoxe en día a industria do cine, como todos sabemos, está controlada maioritariamente polo mercado norteamericano, aínda que pouco a pouco vamos descubrindo películas doutros países, pero aínda de maneira moi tímida. Polo xeral, os filmes que nos ofrecen as carteleiras carecen dun verdadeiro contido, e moitas veces, ou ben se basean en custosísimos efectos especiais, ou pretenden conseguir un sorriso fácil do espectador, sen buscar conmovelo ou facerlle pensar. Por outro lado, a maioría das películas “non americanas”, con tramas moitas veces complexas, baseadas na vida real, en sucesos trágicos que lle ocorren a un pobo ou a unha familia, vense relegadas ás pequenas salas de cines antigos, que nos últimos anos, sobre todo na nosa cidade, foron desaparecendo.

Entre os países que me gustaría salientar, porque considero que producen filmes moi interesantes, son os países árabes e os da antiga Iugoslavia.

Os países árabes do norte de África e de Oriente Próximo viviron unha historia moi difícil: colonizacións dos países occidentais, guerras, ditaduras... moitos destes feitos trágicos reflíctense á perfección nas súas películas, baseadas moitas veces en sucesos reais que viviron xentes pobres. Neste apartado gustaríame falar de dúas delas: “Osama” e “As tartarugas tamén voan”.



Nos países da antiga Iugoslavia, a temática das súas películas xira principalmente arredor da súa guerra civil, e das consecuencias trágicas da mesma. Quero sinalar dúas: “Grbavica” e “Soño dunha noite de inverno”.

“As tartarugas tamén voan” está ambientada en Irak, pouco tempo antes da invasión norteamericana. Os protagonistas son uns nenos kurdos que viven nun poboado e que gañan a vida buscando minas enterradas no chan para despois vendelas. Ademais, un deles está na procura dunha antena parabólica para poder decatarse cando se vai producir a invasión estadounidense. Todos eles viven historias terribles: violacións, maltrato...

“Grbavica” sitúase en Saraxevo, Bosnia, trala guerra. As protagonistas son unha muller e a súa filla. A muller, que fora violada durante o conflito por un soldado serbio, trata de ocultarlle este terrible segredo á rapaza, ata que un día, nun ataque de ira, acáballe contando todo á súa filla. O final da película móstrase esperanzador para estas dúas mulleres, que poden ser un bo exemplo que represente a moitas persoas que viviron nas súas propias carnes unha guerra e unha inmediata posguerra, e que tratan de seguir adiante coa súa vida.

Ana González Barreiro,
2º Bach. E



Camiños de degradación

Este ano vai haber unha nova película bélica (se se lle pode chamar así ás que só teñen a guerra coma pretexto pero non coma tema): *Paths of glory*, traducida ao castelán coma *Senderos de gloria*, dirixida por Stanley Kubrick. Non é por ningunha teima cos filmes de guerra, senón porque non se pode negar que esta é das peores epidemias da humanidade.

Probablemente os méritos se deban máis ben ó libro, pero aquí vaise falar unicamente da película, non pola calidade da fotografía, as interpretacións dos papeis, etc. (son o suficiente bos como para esquecerse deles e centrarse no importante), senón por descoñecemento da obra de Humphrey Cobb. Pois o que se vai tratar ten máis que ver coa reflexión que provocan os acontecementos que van tendo lugar no fío argumental.

A ubicación da historia na Gran Guerra é o inimigo alemán son pouco menos que superfluos, só serven para establecer algún tipo de ancoraxe e non caer na abstracción. Pero neste caso a nacionalidade do inimigo ou a dos protagonistas (francesa) non importa, pois o verdadeiro inimigo é interior e aparece baixo a forma do seu propio ideario. Só crendo cegamente nesas ideas se pode aceptar sen buscar evidencias o abuso de poder non fundamentado dos altos cargos militares cando obrigan a combater en condicións extremas en nome de bandeiras ou incluso mulleres e nenos que nunca saíran beneficiados por un combate. Ou cando deciden condenar a morte a quen desempeña cargos inferiores para infundir un pouco de disciplina entre o resto. Repítese, coma sempre, o dilema das xerarquías, asentadas en principios inconsistentes pola súa irracionalidade, que levan o 100% das veces a un desequilibrio insostible que provoca violentas friccións.



.....

Repítese, coma sempre,

o dilema das xerarquías,

asentadas en principios inconsistentes

pola súa irracionalidade

.....

Película en resumo extremada e descorazoadamente realista, se se entende por iso que os entortos froito da iniquidade non se enderezan por obra e graza da razón (simplemente non se enderezan, dende o intre no que esta é anulada), e que ó heroe, ó home reflexivo e de oposición, se lle conceden, precisamente por isto, menos oportunidades para intervir, rematando por convertilo nun mero espectador máis do inminente e inevitable.

Paths of glory é recomendada para todos e obrigada para quen se vexa capaz de reprimir os impulsos de furia que o farán desexar irromper dentro da escena e indicar dunha vez por todas o verdadeiro camiño da gloria, que non é equivalente de vitoria.

Laura Álvarez García
2ºBach.E



“Pradolongo” o cine galego na gran pantalla

O venres día 4 de abril estreouse nos cines da nosa cidade a película que leva por título “Pradolongo”, en honor ao prado no que os tres protagonistas pasaron a súa nenez.

Esta produción de Ignacio Vilar foi rodada na vila do Barco de Valdeorras, onde se estreou por vez primeira.

A película recibiu unha gran acollida tanto nas pequenas vilas coma na nosa cidade. Este gran éxito poida que se deba a gran campaña publicitaria que se fixo, xa que de seguro recordaredes a visita que fixeron ao noso instituto o director e os tres actores que protagonizan a película.

Pradolongo é un filme que pode agradar tanto a adolescentes como a un público máis maduro, xa que nel vense representadas situacións cotiás da vida de calquera galego. Conta a historia de tres amigos da infancia (Raquel, Martiño e Armando) que acaban de rematar o instituto (con maior ou peor resultado) e que teñen que enfrontarse tanto á vida sentimental como á vida laboral. Como podería pasarlle a calquera de nós, os dous amigos namóranse de Raquel e isto provoca un deterioramento da súa amizade que quizais sexa para sempre. Únese a esta trama outra non menos importante, a posible venda de Pradolongo á empresa louseira do pai de Armando (que é o neno rico do pobo). Raquel é unha moza intelixente e atractiva, que se sente confusa en canto aos seus sentimentos; Martiño é un mozo bo e sensible, que ten un amor moi profundo polo lugar onde naceu: Pradolongo; e, como xa dixemos anteriormente, Armando é un mozo rico, ao que lle gustan moito as mulleres e gusta tamén moito ás mulleres, ademais é un rapaz moi pouco estudioso.



Outro encanto da película é a súa variedade dialectal, pertencente ao bloque oriental, xa que lle dá un aire auténtico e real. Empregan palabras como: pantalóis, collois, mai, pai, calai... Pero non é o único interesante que ten o filme. Hai que salventar tamén a súa banda sonora, con cancións tan fermosas como unha nova versión do Quen puidera namorala, especialmente regravada por Luís Emilio Batallán para a película.

A película ten outros moitos atractivos, como a fermosura das paisaxes ou a continua homenaxe que realiza a Sempre Xonxa, de Chano Piñeiro.

Finalmente, queremos recomendar a visión deste filme, estamos seguras de que vos vai gustar porque é diferente, non como as superproduccións americanas que sempre nos falan dos bailes de primavera, de verano, de fin de curso... de matóns que rouban o almorzo aos chapóns, de comedias que buscan a risa fácil... todo o superficial que non aporta nada novo e co que non nos sentimos identificados.



Sara Collazo

e



Saray Temes
1º Bach.E




Desintegración

Se pensades que a estas alturas é imposible realizar unha película que critique a sociedade actual sen caer no tópico, ide a ver *L'âge des ténèbres* (titulada aquí *La edad de la ignorancia*) e levaredes unha verdadeira sorpresa.

Trátase da derradeira película da triloxía dirixida polo quebequés Denys Arcand, que se completa con *Le déclin de l'empire américain* (*El declive del imperio americano*) e *Les invasions barbares* (*Las invasiones bárbaras*).

O tema pode semellar pouco recorrente: un funcionario fracaso e amargado polo modo de vida que lle impón a súa época bota man da súa fantasía para evadirse da realidade. Porén, ninguén consegue pulilo da maneira que o fai este director canadense. As situacións esaxeradas ou esperpénticas (unha muller co móbil mans libres sempre pendurado da orela, unhas fillas que se alegran da separación dos seus pais porque deixarán de ser unha



.....

O contrapunto

entre as escenas cómicas

e as dramáticas

converte esta película

nunha obra mestra

.....



.....

A nosa época podería resumirse

nunha película:

L'âge des ténèbres

.....

excepción dentro da súa clase; un lugar onde as palabras “negro/a” e “anano/a” están prohibidas pola lei e obrigatoriamente deben ser substituídas polos eufemismos “persoa de cor” ou “de baixa estatura”; un departamento dun ministerio ubicado nun pavillón no que os traballadores están obrigados a asistir a inútiles terapias de grupo para aprender a rir ou a relaxarse mentres os cidadáns que desexan ser atendidos gardan interminables colas; unha muller desesperada porque o seu marido cociñeiro está desaparecido tras ser detido pola policía de noite e pola forza simplemente por ser árabe) serven coma instrumento para realiza-la crítica buscada. Mentres tanto, o contrapunto entre as escenas cómicas e as dramáticas converte esta película nunha obra mestra, acada un equilibrio perfecto entre a hilaridade e as bágoas que nin resulta forzado nin menos aínda se achega en ningún momento á vulgaridade.

Se aínda segue na carteleira non desaproveitedes a oportunidade de ir vela; e se xa a retiraron conseguídeas como poidades. Porque a nosa época podería resumirse nunha película: *L'âge des ténèbres*

Laura Álvarez García
2ºBach.E



Pekín 2008

Os xogos olímpicos do 2008, os chamados Xogos da 29 Olimpíada, faranse en Pekín dende o 8 ao 24 de Agosto deste ano. A cidade de Pekín foi elixida en xullo do 2001 durante unha reunión do COI celebrada en Moscú derrotando a outras cidades coma París ou Osaka.

As instalacións e estadios olímpicos de Pekín, construídos para o evento, suman un total de 37 pavillóns deportivos e 59 centros de adestramento, todos eles finalizados en 2007. Entre as instalacións máis destacadas, atopamos o Estadio Olímpico Nacional que custou 500 millóns de dólares e utilizarase para a cerimonia inaugural. Este estadio está formado por mallas que trenzan o aceiro coma se fose un niño. Tamén se construíu un Parque Olímpico dunha área aproximada de 450.000 m² que contén unha vila olímpica na que vivirán os 16.000 atletas participantes nos Xogos.

En Pekín 2008, terán lugar un total de 28 disciplinas con 302 medallas que se disputarán en 6 cidades distintas, entre elas Hong Kong e por suposto Pekín.

Mateo Ramos Merino
1ºBach.C



Volta á orixe

Coma todos os anos, o espectáculo da fórmula un volve a comezar, e coma todos os anos, trarei con este artigo de informaros o máis posíbel sobre este deporte chamado o Gran Circo.

Polo de agora, en canto a vitorias este parece un mundial que pode gañar calquera dos favoritos, xa que en catro carreiras houbo tres pilotos distintos que gañaron algunha, dous do "Imperio Roxo" e unha das frechas prateadas, que son os que claramente están un paso por riba dos demais. Polo menos iso é o que se di, pero eu máis ben penso que soamente Ferrari está unha escada por diante, mentres que Mercedes é un equipo ponte entre os italianos e o equipo BMW-Sauber, que comezaron moi potentes. McLaren é un equipo que pode loitar, sobre todo na figura de Hamilton, por quitarlle algunha victoria a Ferrari, pero a non ser que melloren máis que os seus rivais durante o campionato ou nin o finlandés Raikkönen nin o brasileiro Massa queiran gañar o título, teñen poucas oportunidades de alzarse co campionato de constructores ou de pilotos. Aínda que non será por falta de gañas.

Nun aparte toca falar agora de Alonso. Volta á orixe, puxen de título, e por el vai, xa que retorna ao equipo que o viu crecer coma piloto e que máis satisfacción lle deu, Renault. Pese a todo, os alonsistas téñense que preparar para o que vai ser o ano máis duro dende que o seu piloto favorito corre. Non porque endexamais conseguira peores resultados (isto non é certo, Alonso pasou por Minardi puntuando só unha vez no campionato) senón porque, e aínda que o ano pasado non gañara o título, os fans do asturiano acostumáronse as vitorias. Un podio para Alonso era o habitual se non conseguía

.....

Pese a todo,

os alonsistas téñense que preparar

para o que vai ser o ano máis duro

dende que o seu piloto favorito corre.

.....



ser primeiro, e realmente fai moito tempo que o español non remataba unha carreira sen puntuar. Pero aínda así, os alonsistas, tralo visto na última carreira no circuito catalán de Montmeló, poden estar un pouco máis ledos e esperanzados, xa que, todo hai que dicilo, pese a ir máis lixeiro de carburante, na cualificación acadou un increíble segundo posto cando antes xa sufría para entrar na Q3 (e iso cando entraba). Parece que ao final o R28 tira, non moito, pero tira, e está a só medio segundo por volta dos primeiros coches (cando antes estaba ao dobre de diferenza). Esas cinco décimas de segundo son as que ten que poñer o que din que é o mellor piloto da pista, para poder optar xa non a vitorias, senón a cuartos ou quintos postos (non nos enganemos, o Renault tira pero tampouco para máis), ou inclusive para algún podio en grandes premios como o de Mónaco, que non premia tanto o coche senón a técnica do piloto. Veremos a ver que fai o asturiano.

Por último, e xa para rematar, un simple e pequeno comentario acerca de toda a polémica que se xerou polas imaxes de Max Mosley, presidente da FIA, participando nunha orxía sadomasoquista de carácter nazi. Eu comparto a opinión do señor Bernie Ecclestone, e digo que iso pertence a vida privada do señor Mosley e non ter nin ser xulgado por iso nin que ser destituído do seu cargo. Para iso soamente hai que considerar o seu traballo profesional, e aínda que eu non comparto os seus gustos nin os aprobo, isto forma parte da liberdade de expresión. Un debate que empaña o gran espectáculo que é a Formula Un.

Borja Aguiar Saco
2ºBach.E



A desfeita celeste (BISSS)

Parece que a política do ano no inferno non funcionou esta vez, xa baixo o mandato dun presidente que brilla tanto por si mesmo que parece cegar aos xogadores ata tal punto que parece que non saben onde xogan e que están facendo, teñen momentos brillantes nos que parece que un gran equipo pode rexurdir, pero, xusto despois, demostran que non é o ano do Celta. Un ano de desastres continuos que parece estar rematando cunha racha de resultados tan terrible que fai incluso ter pesadelos co descenso á Segunda División Be.

Mourinho, coma dirían algúns, foi coller un equipo cun plantel impresionante e levalo en menos dun lustro a unha situación practicamente impensable, numerosos adestradores nunha etapa curtísima e problemas mediáticos case continuos foron a fachada dun edificio que non se sostén e cuxos cimentos comezan a tremer con forza.

Falamos dun conxunto de xogadores que perfectamente poderían formar o mellor plantel da categoría (que non a kantiana) son un lamentable conxunto de calidades dispersas polo campo, triste espectáculo ver como os intentos de achegarse á meta rival son sempre frustrados con facilidade e, no caso de que consigan marcar un gol, a fragilidade defensiva provoque, e non



O equipo

é un lamentable conxunto

de calidades dispersas polo campo.



lembro cantas van na temporada, outra humillante remontada.

Xa non é posible falar con seguridade de permanencia, xa non é posible asegurar nada, tendo en conta o ano de sorpresas, raramente agradables, que leva dando o noso equipo, un equipo que parece ter caído en malas mans, nunha mans que o levan polo camiño da mediocridade e que, agardemos, consigan arranxar o ano que vén, dalgún xeito, todo o negativo dun ano para esquecer e que, se todo marcha mal de aquí ao final da liga, pode ser dificilmente esquecible polos afeccionados.



David López Medina

2º Bach E



Pasatempos

Nesta ocasión propómosche un encrucillado que deberás resolver e terás que trasladar cada letra que se che pida á frase final.

	1	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	3	-	4	-	5	-	6	-
A																				
B																				
C																				
D																				
E																				
F																				
G																				
-																				
H																				
-																				
I																				
-																				

1: Dá clase de galego e usa lentes / El é o xefe e tamén nos fai suar. **2:** Frase: “¿por que me queredes facer sufrir...?”
3: Ela é profesora de filosofía **4:** Dá clase de lingua castelá (alias Pepita) **5:** Profesora de galego **6:** Profesor de filosofía coñecidísimo // **A:** Profesor de debuxo **B:** Profesora de galego nova este curso **C:** Profesor de tecnoloxía e electrónica **D:** Profesora de bioloxía (Manuela) **E:** Dono do deportivo descapotable **F:** Asesor lingüístico de Trégola **G:** Profesor de inglés con páxina web / Ela dá clase de matemáticas. **H:** Nome do profesor nominado ao premio Nob*****el / Frase: “Non fallamos un problema...” **I:** Profesor de ximnasia / Profesora de lingua castelá.

2A 1B 5B 4H 6A 5G 5F 5F 4H 1G 1B 2C 6A 5G 1B 2H

5F 4H 5F 2A 5F 5G 5G 1B 2C

1G 2H 2G 1G 2H 4D 5F

4I 6G 5G 1B 2C 5F

3F 2G 4I 5B 3E 2A 2F 5G 3F



SUDOKU

8						1		6
	1		6		8		7	
	6		3		1		8	
6		8						
						5		2
	3		1		9		5	
	8		5		3		2	
5		6						

Obradoiro Santillana

Proxecto A Casa do Saber.
Adiante, esta é a túa casa



Proxecto **A Casa do Saber**

HAI OUTROS XEITOS DE ESTUDAR UNHA CARREIRA...

Estudando casos reais, cos mellores
profesionais e a máis moderna
metodoloxía de aprendizaxe.
Dándolle un pulo á nosa vida profesional
con prácticas en empresas.

Carreira Universitaria en Administración e Dirección de Empresas

Bachelor
in Business Administration
BBA
Escuela de Negocios Caixanova
University of Wales

Otorgado por:
 PRIFYSGOL
CYMRU
UNIVERSITY
OF WALES

...APRENDEDO
A RESOLVER
PROBLEMAS
EN EQUIPO

Foto real de alumnos en sesión de traballo



Título Oficial Británico que non ten carácter oficial nin a validez nacional que reconece
o artigo 24 da Ley Orgánica 6/2001 de Universidades, **homologable ó título oficial
de Licenciado en Dirección e Administración de Empresas en España.**
O 100% dos titulados que o solicitaron xa posúen o título homologado.

escola de negocios
caixanova



NOVIDADES XERAIS

LETRAS GALEGAS



Poesía galega completa
Xosé M. Álvarez Blázquez




Roseira do teu mencer
Xosé M. Álvarez Blázquez




Xosé M. Álvarez Blázquez
Vida e obra
Dario Xohan Cabana


FÓRA DE XOGO



Illa Soidade
An Alfaya
PREMIO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA DE LITERATURA XUVENIL 2007




Memoria contra Alzheimer
Rafael Laso Lorenzo




Vestio
Xosé Miranda

NARRATIVA



As pontes no ceo
Ramiro Fonte



A idade da auga
James Salter



A venus de cristal
Chelo Suárez

CRÓNICA



Ao pé do abismo
Rosa Aneiros



A cultura do pan
Xosé Lois Ripalda



Diario dun pai
acabado de nacer
Henrique Alvarellos

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

